

o galego

Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios
e da Rede Galega de Salas

Nº 8 / SETEMBRO 2010

Teatro Galileo

estrea *Sempre quixen bailar un tango*

Chévere

Artistas e residentes na Nasa

Xosé Manuel Olveira “Pico”

Con sinceridade, actor

*Por que o meniño
se coce na polenta?*

SAPRISTI TEATRO

pon en escena
unha vida de circo

Do 18 ao 21 de outubro
Santiago de Compostela

ABADA TEATRO-CARLOS BLANCO, Ordem e progreso
CARAMUXO TEATRO, Mensaxe sen botella
ELEFANTE ELEGANTE TEATRO, In
GALITOOON PRODUCTIONS, Botazz! O swing do jazz
GHAZAFELHOS, Frankenstein
HISTRIÓN TEATRO (Andalucía), Del maravilloso mundo de los animales: los corderos
LA MACANA, Shure PG48
LA ROUS (Andalucía), La casa del abuelo
LAGARTA LAGARTA, Cásting (a comedia)
ÓNFALO TEATRO, Na meta (sálvese quen poida)
PRODUCCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS, Un cranio furado
SANTIAGO CORTEGOSO, A filla de Woody Allen
SARABELA TEATRO, O incerto señor don Hamlet
SÓLODOSNEODANS, Sólodos
TALÍA TEATRO, Volpone
TEATRO DE NINGURES, Homes... mulleres: o paraíso terreal
TEATRO DEL VELADOR (Andalucía), Hildegard
TEATRO DO ATLÁNTICO, Memoria de Helena e María
TEATRO DO MORCEGO, A nona
TÍTERES TROPICALLO, O día que chegou unha nube e choveu

LUSCO E FUSCO
ARREPENTIMIENTOS DE PADRÓN
ROCES E GOCES
DUELIRIUM
ALMACABRA TEATRO-CIRCO
Circo á feira, racións de novo circo galego

FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS 2010

www.agadic.info/feira



XACOBEO 2010
Galicia

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA

A figura de Nuria Sanz e a súa mirada que –intuímos– se abre cara a dentro do escenario é a imaxe coa que se presenta este oitavo número de *PARAÍSO*, a revista de difusión das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas, os dous circuítos de distribución de espectáculos xestionados pola Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais). A escena pertence a *Por que o meniño se coce na polenta?*, última proposta artística de Saprستی Teatro, reproducida nunha instantánea coa que queremos facerlles sentir aos espectadores, unha vez máis, a maxia dos espectáculos en vivo e a súa capacidade de comunicación.

A nova entrega de *PARAÍSO* faise eco outra vez dunha representación da programación que circulará pola maioría dos escenarios galegos ata o mes de decembro. Así, a montaxe de Teatro Galileo *Sempre quixen bailar un tango*, a longa traxectoria do xa emblemático grupo Chévere ou a danza do bailarín e coreógrafo Javier Martín son algúns dos contidos escollidos, desta volta, como botón de mostra do amplo abano de creacións artísticas do ámbito da escena que agardan o público galego.

Na sección de entrevistas achegámonos nesta ocasión ao perfil profesional e humano de Xosé Manuel Olveira “Pico”, un dos nosos mellores actores e tamén un dos intérpretes máis queridos e máis presentes nos espectáculos do país, en tanto que o Teatro Principal de Santiago ocupa as últimas páxinas de *PARAÍSO* como espazo escénico destacado da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

No capítulo de comentarios, contamos coas colaboracións de Inma López Silva, quen contrapón a abundancia creativa da nosa escena co panorama xeral de crise económica; e de Fran Pérez Lorenzo, quen avoga polo valor engadido dos espectáculos en vivo e en directo fronte á multitude de pantallas que inundan a era dixital.

Agardamos que desfruten, pois, destas páxinas e de toda a programación.



Teatro Galileo
Sempre quixen bailar un tango 4-9

Chévere
Residencia na Nasa 10-15

Entrevista
Xosé Manuel Olveira "Pico" 16-20

Comentario
Inma López Silva
Programación en crise, onde? 21

Programación setembro-décembro 2010 23-30

Comentario Fran Pérez Lorenzo
Teatro galego: o lugar do real 31

Por que o meniño se coce na polenta?,
de Saprستی Teatro 32-35



Javier Martín
coquetea cos seus límites 36-39



O Teatro Principal
latexa en Compostela 42-45



Breves / Dende o paraíso 46-47

PARAÍSO é unha revista de información e promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas que se distribúe de xeito gratuíto en espazos escénicos galegos.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais.
Consellería de Cultura e Turismo.
PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña.
DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero.

CONSELLO DE REDACCIÓN: Marcelina Calvo, María Paredes, Ana Rosales.
COORDINACIÓN: Área de Comunicación da Agadic.
TEXTOS: Moisés Álvarez Jorge, Sonia Díaz, C. Domínguez, Ana Miragaya, Ana Rosales.
COLABORAN NESTE NÚMERO: Inma López Silva, Fran Pérez Lorenzo.
REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Ramiro Combo.
FOTOGRAFÍAS: Uqui Permui, Ovidio Aldegunde, Tono Arias (p. 19), Eduardo Alonso (Teatro Galileo), Teresa de la Hera e Masako Hattori (Javier Martín), cesións de compañías e arquivo da Agadic.
DIRECCIÓN DE ARTE, DESEÑO E MAQUETACIÓN: Uqui IIIII Cebra
Impresión: Litonor. Tiraxe: 9.000 exemplares.
I.S.S.N.: 1887-8164 / D.L.: C 963-2007



AGADIC Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
agadic@xunta.es / www.agadic.info



Sempre quixen coñecer París. Sempre quixen vivir no campo.

*Sempre quixen aprender a conducir. Sempre quixen tatuar
o seu nome no peito. Sempre quixen subir a un escenario.*

Sempre quixen tinguir o pelo. Sempre quixen comer coas mans.

*Sempre quixen dormir un pouco máis. Sempre quixen plantar
unha roseira. Escribir un libro. Ter un fillo.*

Teatro Galileo

*Sempre
quixen bailar
un tango...*

Sempre quixen dicirche que te quero.

Sempre quixen ser feliz.



A ESMORGA
Sarabela Teatro

Autor: Eduardo Blanco Amor / Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda / Elenco: Fernando Dacosta, Suso Díaz, Xosé A. Porto “Josito”, Nate Borrajo, Rosa Álvarez, Elena Seijo, Sabela Gago, Fina Calleja, Tito R. Asorey / Xénero: Teatro adultos/Drama

A obra cume da nosa narrativa feita teatro no cincuenta aniversario da súa publicación. Un espectáculo capaz de facer sangrar a chuvia e chorar o lume. Dende a primeira escena, o espectador/a entra na traxedia. *A esmorga* combina con asombrosa naturalidade a esencia absoluta da vida e da morte. Intensa, emocionante e, sobre todo apaixonada, é unha traxedia aceda e cruel de tres homes marxinais e marxinados que ao longo de vinte e catro horas deambulan polos arrabaldos de Auria, perseguidos pola xustiza e baixo a choiva e o frío da noite.

+ info. en: www.sarabelateatro.com



A NONA
Teatro do Morcego

Autoría: Roberto Cossa / Dirección: Celso Parada Elenco: Miguel Pernas, Mundo Villalustre, Mónica Camarín, César Martínez "Goldi", Elina Luaces, Miguel Varela, Iolanda Muíños / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Nunha familia arxentina, de orixe italiana, hai unha avoa (*A nona*) de avanzada idade. *A nona* come sen parar, mentres a familia, que avanza cara á ruína, procura os máis diversos camiños para gañar diñeiro (prostitución, mendicidade, enganar, etc.). Nun momento de desesperación, a familia comeza a tentar asasinar a *nona*.



AFRICANÍZATE
Abada Teatro

Autoría: Carlos Blanco / Dirección: Carlos Blanco Elenco: Carlos Blanco, Manecas Costa / Xénero: Teatro adultos/Musical

Unha adaptación do formato orixinal *Humor negro* ás pretensións de realizar un espectáculo máis manexable á hora de viaxar. Unha alegoría ás maletas dos emigrantes, cargadas de soños de futuro e recordos do pasado. Unha escenografía integramente composta por elementos de reciclaxe. Estes dous artistas decidiron dar un paso máis adiante reformulando a proposta de espectáculo nunha obra centrada no diálogo en galego, portugués ou español e, por suposto, na conversa e na música.

+ info. en: www.abada.es

Teatro Galileo *Sempre quixen bailar un tango...*

QUE SERÍA O PRIMEIRO QUE NOS PASARÍA POLA CABEZA SE NOS DIXERAN QUE ESTAMOS A PIQUES DE MORRER? PEDRO RUBÍN DUBIDA QUE EN TAN TRANSCENDENTAL MOMENTO PENSEMOS NA ECONOMÍA. NIN NA NOSA, NIN NA DO PAÍS. “NESTE MOMENTO DE CRISE NO QUE TODOS NOS SENTIMOS PERDIDOS”, EXPLICA O DIRECTOR ARTÍSTICO DE TEATRO GALILEO, “É BO REFLEXIONAR SOBRE A EXCESIVA IMPORTANCIA QUE LLE CONCEDEMOS Á ECONOMÍA FRONTE AOS PEQUENOS DETALLES QUE CONFORMAN O SER HUMANO, COMO DICIRLLE ‘QUÉROTE’ A OUTRA PERSOA”. A ÚLTIMA MONTAXE DE TEATRO GALILEO, *SEMPRE QUIXEN BAILAR UN TANGO*, FALA DISO. FALA DOS BAILES QUE NON BOTAMOS, DAS PALABRAS QUE NON DICIMOS E, EN FIN, DAS OPORTUNIDADES DE SER FELICES QUE PERDEMOS PORQUE CANDO AS TEMOS DIANTE NON SABEMOS VER A SÚA IMPORTANCIA E CANDO VOLVEN A NÓS XA É TARDE. ACABAN DE DICIRNOS QUE ESTAMOS A PIQUES DE MORRER.

“Vivir, en xaponés, pronúnciase ikiru e comparte a terminación con outros verbos. Pola contra, Shinu, morrer, é un verbo único. Ningún outro verbo ten esa terminación: -nu. Que unha palabra irrepitible designe o final da vida sempre me pareceu un exemplo de delicada xustiza poética”.

Teresa González Costa, autora de *Sempre quixen bailar un tango*





AFTERPLAY
Teatro do Atlántico

Autoría: Brian Friel / Dirección: Xúlio Lago
Elenco: María Barcala, Gonzalo M. Uriarte
Xénero: Teatro adultos/Comedia
Moscova. Frío inverno. Sonya Alexandrowa e Andrey Prozórov coinciden nun pequeno café onde, grazas ao vodka, debullan as súas vidas entre verdades e mentiras.



CABARET LÍQUIDO
Lavi e Bel Teatro

Autoría: Emilio Goyanes / Dirección: Emilio Goyanes
Elenco: Nerea Cordero, Camino Miñana, Javi Parra, Larisa Ramos, Javi Viana, Piñaki Ruiz, Oriol Boixader, Miguel Pérez, Morten Jespersen / Xénero: Teatro adultos/Musical
Unha viaxe por Oriente, o leste de Europa, España, París, Berlín e Latinoamérica, na que predomina o aspecto musical. O espectáculo está composto por unha serie de números que tratan os temas máis variados, cunha linguaxe sempre próxima ao cabaré. Humor, música en directo, contrastes de ambiente, truco, “lentejuelas”, imaxes poéticas, amor e morte conviven no escenario durante 85 minutos. Unha viaxe entre o espazo e o tempo.
+ info. en: www.laviebel.com



CAPERUCITA SOLA
Teatro Aparte

Autoría: Lorena Neira Otero / Dirección: Lorena Neira Otero / Elenco: Lorena Neira Otero / Xénero: Teatro adultos/Drama
Un espectáculo no que a protagonista conta a verdadeira historia da súa vida desde o seu interior máis profundo e a súa soidade máis absoluta..., no que a fantasía do popular conto infantil se transforma nun drama para adultos repleto de misterio e intriga.



CÁSTING (A COMEDIA)

Lagarta Lagarta

Autoría: Roger Justafre / Dirección: Rosa Álvarez
Elenco: María Bouzas, Ernesto Chao, Belén Constenla, Rocío González, Alberto Rolán / Xénero: Teatro adultos/Comedia

“Unha obra ou espectáculo sobre as probas, probas, probas, uf, uf... Probas para topar traballo, para ser o que non somos, para amar ou para facer o amor, para competir...”

En definitiva, sobre as túas probas, espectador/a, esas polas que xa pasaches ou as que aínda che queden por pasar”. Rosa Álvarez.

+ info. en: www.lagartagalagarta.blogspot.com



CONDENA PERPETUA

Brisa Teatro

Autoría: Marcos Grande Pazos / Dirección: Sara Baltar
Elenco: Javier González Fernández / Xénero: Teatro adultos/Drama

Que ocorre cando a túa alma parece ser procreada para camiñar perpetuamente ligada ao sufrimento? Que facer cando a túa existencia é unha propia condena, cando os teus seres queridos renegan da túa existencia, cando os teus semellantes censuran os teus sentimentos, cando cres incorrer na desgraza da pena eterna? *Condena perpetua* realiza un escabroso traxecto pola alma dun ser humano convencido de que esta forma parte dun corpo equivocado.



EL LUGAR Y LA PALABRA

Fernando Renjifo

Autoría: Fernando Renjifo / Dirección: Fernando Renjifo
Elenco: Ziad Chakaroun, Alberto Núñez / Xénero: Teatro adultos/Outros

El lugar y la palabra. Conversación interferida. *Beirut* é unha obra creada a partir de conversas mantidas na capital libanesa en xaneiro de 2008 e da lectura dalgúns poetas árabes contemporáneos relacionados coa rexión, como o sirio-libanés Adonis e o palestino Mahmud Darwix. Beirut aparece aquí como un lugar moi concreto e moi abstracto á vez. A proximidade real e dilatada coa violencia, a morte, a dor, a perda e a destrución colocan os seus habitantes nun lugar extremo.

“A soidade que estamos sufrindo é máis traumática que os problemas económicos”

Desde esta estabilidade afrontou o director a escolla do texto sobre o que construír a súa última montaxe, un texto que tiña que falar sobre algo que pagase a pena contarlle ao público. “Hai uns anos tiñamos unha grande economía e a sociedade non era feliz”, sostén Rubín. “A felicidade das persoas constrúese con outros elementos e a soidade que estamos sufrindo é máis traumática, máis problemática que os problemas económicos”, engade. E foi precisamente un mundo de soidade, de superficialidade e de ambición desmesurada o que lle transmitiu *Sempre quixen bailar un tango*, a obra coa que Teresa González Costa gañou a edición de 2008 do Premio Álvaro Cunqueiro para textos



teatrais. Por iso, Pedro Rubín decidiu representala e, para facelo, rodeouse do seu equipo estable de traballo, co que comparte “unha mesma linguaxe e moita complicidade”.

Fernando Morán, Ana Santos, José Baños Tanas e Isabel Blanco, que se incorporou ao grupo nesta montaxe, interpretan sobre o escenario a Manuel, a María, a Luís e a Susana, arroupados pola escenografía de Rodrigo Roel e pola iluminación de Eduardo Alonso.

A Manuel dinlle que está a piques de morrer e non pensa na economía. Pensa nas cousas que xa nunca poderá facer. Nas palabras que non vai dicir. No tango que dei-

“Vivimos esperando un futuro de felicidade que nunca chega, porque a felicidade ou é presente ou non é”

xou sen bailar. Mentres, a súa filla e o seu xenro móvense darredor del sen velo e María limpa o que lle mandan, para non pensar. Os personaxes de *Sempre quixen bailar un tango* viven baixo o mesmo teito, pero están absolutamente sós, como tanta xente que nos rodea. Son persoas que non se comunican máis que superficialmente e que non se dan conta do valor real da vida e do contacto humano ata que desaparece. Persoas que non din “quérote” ata que están no leito de morte. Persoas que botan toda a vida esperando un futuro de felicidade que nunca chega, porque a felicidade ou é presente ou non é. Persoas que deixan tangos sen bailar.



EL TÍTULO DE ESTE ESPECTÁCULO NO ES MI MADRE

Sexpeare

Autoría: Sexpeare (Santiago Molero, Rulo Pardo)
Dirección: Sexpeare / Elenco: Santiago Molero, Rulo Pardo / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Estraña comedia con “*frigo pie*”, narra a historia de Marco, un home que acaba de morrer e agora está no proceso de reencarnarse, para o cal debe despoixarse de todo canto foi. A pesar de ser un vagabundo do ultramundo, Marco *mola mogollón!* e nun universo frío, habitado por toda clase de seres estraños, emprende unha absurda fuxida que o levará ata Galicia, “*El país del nunca jamás, siempre pulpo*”.

+ info. en: www.sexpeare.es



ENTRE LOS PAISAJES. PROYECTO VAN GOGH 20 AÑOS DESPUÉS

Cambaleo Teatro

Autoría: Antonio Fernández Lera / Dirección: Carlos Sarrió e Zbyszek Olkiewicz / Elenco: Antonio Sarrió, Begoña Crespo, Carlos Sarrió / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Unha inmersión no mundo íntimo de Vincent Van Gogh, pintor declarado xenio polo mercado da arte, pero que non vendeu un só cadro en vida. O texto de Antonio Fernández Lera, a partir das cartas de Van Gogh ao seu irmán Théo, é un diálogo do autor coas obsesións do pintor, a súa loita por atopar unha pintura verdadeira, o seu desexo de ser útil, de compartir a súa arte, a súa dor por ser un inadaptado.

+ info. en: www.cambaleo.com



FRIDA

A Internacional Teatro

Autoría: Jorge Rey / Dirección: Jorge Rey
Elenco: Manuela Varela e Alfredo Padilla / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Na súa última noite, Frida viaxa polos momentos máis inquietantes da súa vida, marcada por un intenso amor á beleza e á creatividade, así como polo sufrimento dun corpo sumamente violentado. Esta dualidade do creativo imaxinario en oposición á dor e á violencia permite elaborar un discurso reflexivo e audaz sobre a represión que soportou e soporta a muller na sociedade.

+ info. en: www.ainternacional.com



chen

Residencia na Nasa

NUN MUNDO HABITADO POLOS ANDROIDES É IMPORTANTE TER UN RECUNCHO AO QUE CHAMAR FOGAR. UN LUGAR LIBRE DOS MESÍAS QUE NOS GUÍAN E DAS RELIXIÓNS QUE NOS CASTIGAN, NO QUE CADAQUÉN DIGA E FAGA O QUE CRE QUE DEBE DICIR E FACER. SE NESTE MUNDO CUBERTO POLO PO APOCALÍPTICO NON EXISTISE UN SITIO ASÍ, HABERÍA QUE CREALO. PERO EXISTE. CHÁMASE NAVE DE SERVICIOS ARTÍSTICOS, E OS SEUS HABITANTES TEÑEN FEITO COUSAS QUE NON CRERIAMOS SE NON FOSE PORQUE ESTÁN GRAVADAS. SON OS CHÉVERE, ARTISTAS E RESIDENTES NA NASA, E AS SÚAS VIDAS TEÑEN MOITO QUE VER COAS NOSAS VIDAS.

vere



Chévere naceu en 1987, no magma universitario de Compostela, como un colectivo plural que sentía a necesidade de facer intervención cultural e social desde o teatro. Músicos de rock, activistas da poesía, actores performáticos, artistas multimedia... Os Chévere eran un grupo peculiar que, ademais, se sabía rodear dos colaboradores máis activos e variados. Esta pluralidade explica a necesidade de contar cun espazo propio onde lles dar saída ás creacións do grupo e ás de toda a xente que estaba facendo cousas naquel momento. Non había circuitos estables, as redes de distribución estatais estaban en formación e non era fácil atopar lugares para representar. Calcularon que contar cun espazo propio, libre de intermediación institucional, lles ía dar liberdade e independencia, e crearon a Sala Nasa. Era o ano 1992.

O núcleo fundacional non era grande, pero estaba moi motivado e ben rodeado. “Isto é algo que non perdemos nunca desde o principio e que explica moita da traxectoria de Chévere e a propia existencia da Nasa”, afirma Xesús Ron, director artístico da sala e que tamén o foi da compañía. “Vivíamos máis tempo na sala que

na nosa casa. Todos fomos billeteiros, técnicos, xestores, programadores, persoal de limpeza... Todos facíamos de todo”. E, claro, a convivencia entre a xestión da sala e o traballo artístico da compañía foi sempre moi complicada. Como todas as convivencias.

Os músicos facían concertos nos que tamén participaban os actores. Os escritores facían cancións. E pezas para os actores. Todos estaban en todo, tamén na arte, pero, pouco a pouco, todos se foron especializando e ninguén quería quedar coas tarefas de mantemento da vivenda común. “A mediados dos noventa, Chévere medrou moitísimo como compañía e empezou a pesar o traballo na sala”, explica Xesús Ron. Daquela, deseñaron un modelo de compañía residente, “como unha maneira de recoller a nosa dobre condición de artistas e de xestores e facer así viable a sala”, pero non saíu e, finalmente, houbo unha ruptura. Unha parte do colectivo optou pola dedicación profesional artística e outra decidiu seguir mantendo a ambivalencia, “sabendo que pouco a pouco íamos ter que profesionalizarnos na xestión, pero intentando non perder a nosa parte máis creativa”.



GO ON!!
Malasombra

Autoría: Xosé Luis Prieto / Dirección: Marcos Orsi
Elenco: Jouse García e Xoque Carbajal / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Logo da chegada do home á lúa, á humanidade só lle faltaba un reto: a chegada do home a Galicia. No ano 2010 (ano 25 despois de Gayoso), dous intrépidos exploradores tiveron o valor de se introduciren nas descoñecidas terras galaicas a través da ruta xacobea. *Go on!!* recompila esta experiencia límite que deixa os de *Al filo de lo imposible* como simples *boy scouts*.



HISTORIAS PEREGRINAS
Teatro do Noroeste

Autoría: Miguel-Anxo Murado / Dirección: Eduardo Alonso / Elenco: Luma Gómez, Xan Casas, Fernando González, Viqui Pérez, Carlos Mosquera “Mos”, Julia Méndez, Alejandro Carro, Aitor Rei / Xénero: Teatro adulto/Comedia

Unha deliciosa comedia sobre as comedias, unha delicada galería de personaxes eminentemente teatrais para falar da vida, da aparencia e da realidade, da razón e a non razón de ser, e para falar do que para todo home e muller de teatro é o máis querido: o teatro. Pero falar de todo isto sen pedantaría, con sinxeleza e sentido do humor.

+ info. en: www.teatrodonoroste.com



LIMPEZA DE SANGUE
Espello Cóncavo

Autoría: Rubén Ruibal Armesto / Dirección: Arturo López
Elenco: Sergio Zerraeta, Oswaldo Digón, Xavier Pan, Fernando Morán, X. C. Mejuto, Teresa Horro, Estíbaliz Veiga, Rodrigo Roel / Xénero: Teatro adultos/Drama

Obra gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais do ano 2005 e Premio Nacional de Literatura Dramática de 2006. Fernando e Pantaleón, procedentes de mundos aparentemente opostos, coinciden, á espera dun transplante ou do inevitable pasamento, na sala de diálise dun hospital. Igualados pola situación e obrigados a se faceren mutua compañía, ven nacer unha amizade inimixinable.

+ info. en: www.espelloconcavo.com



Quince anos e varias reformas, rupturas e reinvenções. Máis tarde as axudas para as industrias culturais da Agadic introducion oficialmente a modalidade de compañía residente e Chévere conseguiu, por fin, unir sala e compañía de xeito total e –eles esperan– definitivo. “Para nós”, resume Ron, “o estatus de compañía residente é clave para encarar o futuro. Supón levar a cabo moitísimas cousas que en todos estes anos non puidemos facer:

“*Todo ten moito que ver coas nosas vidas. Toda tiña relación co noso momento vital*”

“*Nunca abandonamos o posicionamento pop*”

recuperar proxectos, poñer en marcha obradoiros do espectador para nós e para outras compañías, acompañar as novas producións de temas de sensibilización, de obradoiros, de documentais, etc.”

Así, en 2009, o colectivo colga por fin o cartel de residente na porta da nave e entrégase a “unha perspectiva empresarial” que lles permita “darlle unha utilidade práctica e unha utilidade social á existencia dunha sala como a Nasa”. Sen abando-

Cronoloxía	1987	<i>Servicio discrecional</i> , o embrión. Desde a universidade e a escola de artes Mestre Mateo, supuxo o encontro fundamental de John Eastham e Miguel de Lira, máximos impulsores da compañía nos inicios.
	1988	<i>Supersónico</i> , o mal non <i>acouga</i> .
	1989	<i>Salomé</i> , a primeira profesionalización. Da man do CDG.
	1990	O éxito de <i>Río Bravo</i> , que superou as 200 representacións, foi o impulso económico e enerxético que a compañía precisaba para afrontar a reforma dunha sala en ruínas, a Nasa. <i>I Congreso Internacional de Monstros</i> .
	1991	<i>La Vie en Rose</i> / <i>A Vía Rosa</i>
1988-1991: Activismo cultural	1992	<i>Big Bang</i> , o espectáculo inaugural da Nasa. Preparouse na sala e cun mes de representación asegurada. Un cambio radical para a compañía.
	1993	Nacen as Ultranoites, a renovación do espectáculo de variedades que leva 18 anos a todo gas. Pouco despois, xorde o Rock Parrullo.
	1994	É un ano clave para a compañía e para a sala. O ano da subdivisión e da especialización. Por primeira vez, os técnicos son técnicos, os xestores son xestores e os artistas xiran dentro e fóra de Galicia con tres espectáculos a un tempo, acadando certa notoriedade colectiva e individual. E a partir de aí todo empeza a cambiar. <i>Cabaret Tan Tan</i> .
		<i>Máquina total</i> tivo un grande éxito nos círculos máis alternativos e viaxou a Brasil e Arxentina.
1992-1996: O difícil tránsito á profesionalización		

nar o posicionamento pop e esa estética súa que ten tanto que ver coa cultura de masas, Chévere quere facer un teatro de intervención social directa. Un teatro popular, que entreteña, pero que ao mesmo tempo “lle dea á xente un tema importante do que falar”. “O teatro permite afondar en cuestións importantes cunha comunicación totalmente directa”, insiste Xesús Ron, “e para nós é unha satisfacción facer un teatro e unha cultura que teñan unha

“Sentiamos a necesidade de facer intervención cultural e social desde o teatro”

“O modelo de compañía residente é clave para nós, para encarar o futuro”

utilidade e que cheguen á xente”. Para realizalo, desde mediados de 2010 contan con outra ferramenta fundamental, *redenasa.tv*, un camarote virtual que terá moito protagonismo nos seus próximos proxectos. “O futuro está na rede”, conclúe Xesús Ron, “que ao final non é máis que unha sala que non depende da presenza física dos espectadores”.



LOS MÚSICOS DEL TITÁNIC

Teatro de Che y Moche

Autoría: Joaquín Murillo / Dirección: Joaquín Murillo
Elenco: Jorge Marco, Kike Lera, Carlos Alcolea, Joaquín Murillo / Xénero: Teatro adultos/Musical

Unha pequena homenaxe aos que na vida real souberon quitarlle dramatismo ao peor momento das súas vidas e incluso tratar de axudar a outros co mellor que sabían facer: a música. *Los músicos del Titánic* é unha forma de facer teatro directa, espontánea, creativa, multidisciplinaria, orixinal e intuitiva. O principal camiño é o da comedia vivida desde a autenticidade do *clown*, onde o absurdo se enfronta ao tópico e onde a través da risa nos enfrontamos a nós mesmos.

+ info. en: www.cheymoche.es



MALTRÁTAME

Telón Partido

Autoría: Raquel Pintos / Dirección: Raquel Pintos
Elenco: Raquel Pintos / Xénero: Teatro adultos/Drama

Maltrátame fala da violencia de xénero dun xeito distinto. Fala da despersonalización, decadencia e perda de esperanzas por parte da vítima; pero fala sobre todo do poder que exerce o verdugo cara á muller, o que desemboca nunha dependencia (síndrome de Estocolmo) que fai que esta non poida saír dese círculo destrutivo.

+ info. en: www.telonpartido.com



MATÉ A UN TIPO

Bambalinas Asesinas

Autoría: Daniel Dalmaroni / Dirección: Juan Codina
Elenco: Sergio Pazos, Tonino, Aisha Wizuete, Anaís Yebra
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Quen non sentiu verdadeiros desexos de matar o tipo que se demora horas diante de nós no caixeiro automático? Encubrírías a túa parella ou o teu pai se che confesase que se converteu de repente nun atípico asasino en serie? Unha comedia negra que se converte en drama surrealista ata que un psicólogo empeza a afondar nas relacións desta familia de clase media onde o hábito de matar acaba por ser un auténtico vicio.



MEMORIA DE HELENA E MARÍA

Teatro do Atlántico

Autoría: Roberto Salgueiro / Dirección: Xúlio Lago
Elenco: Lucía Regueiro, María Barcala / Xénero: Teatro adultos/Drama

Unha viaxe intensa e conmovedora que comeza en 1937, na Guerra Civil española, nunha vila galega, e remata co século, logo de que teñamos acompañado os personaxes ata A Coruña, Sevilla, Montevideo, Caracas, etcétera, para rematar nun lugar e nun espazo misterioso do que non é oportuno falar aquí, de igual maneira que naqueles filmes en que a sorpresa do inesperado é fundamental para comprometer o espectador no seguimento da acción.



MIGUEL HERNÁNDEZ

Teatro Meridional

Dirección: Marina Szerezovsky, Álvaro Lavín
Elenco: Álvaro Lavín, Esteban Pico, Óscar Sánchez Zafra, Paloma Vidal, Susana Hernáiz/Marina Szerezovsky
Xénero: Teatro adultos/Drama

A Miguel Hernández visítano as súas pantasma: Josefina, a súa muller; Ramón Sijé, o seu amigo da infancia; Pablo Neruda, amigo e poeta admirado; e unha misteriosa muller que talvez coñeceu en Madrid... Todos se achegaron ata a prisión de Alacante na que Miguel pasa os últimos días da súa vida. Esta visita arrastraraos directamente ao pasado, aos anos de mocidade do poeta con cara de papa, aos anos da República, aos anos da guerra, nunha viaxe apaixonada polos versos da vida, do amor e da morte.

+ info. en: www.teatromeridional.com




NUNCA MENOS

Fulano, Mengano e Citano

Autoría: Manuel Pombal e Manuel Botana
Dirección: Manuel Pombal / Elenco: Manuel Pombal, Manuel Botana, Suso Pando / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Nunca menos é un percorrido en clave de humor ácido e “autonómico” pola historia de Galicia: desde os castrexos, romanos, suevos ou normandos, ata as loitas tribais nas beiras das fragas entre Touriños, Quintanas e Feijóos. Nunca menos lévanos por todos eses períodos de luz e de sombras, ás veces de apagón total, que fixeron de nós o que hoxe somos.

+info. en: www.fulanomenganocitano.com



Cronoloxía

- 1999

Hero.es.
O show sincero de Ana Pudor e Javi Abraira.
- 2000

Casa Tomada.
Clown fútbol é un proxecto grandísimo para a Capitalidade Cultural Europea, dirixido por Eric de Bont e coa dirección técnica de Ramón Rey.
- 2001

O navegante é un espectáculo infantil que camiña polo gume que separa escenario e espectadores. Unha cúpula inchable e un complicado sistema de escoita individual dificultan o acceso aos circuítos de público infantil e mesmo ás salas independentes. Ao final atopan o seu oco no público universitario e fan medio cento de pases.
- 2002

Humana. Ana Pudor e Javi Abraira atacan de novo.
Río Bravo 02 conmemora o 15º aniversario de Chévere. Foi premio María Casares á mellor escenografía e á mellor música orixinal e estivo dous meses e medio na sala, antes de xirar por medio mundo. Rematou en 2005 en Santiago de Cuba. Virona uns 21.000 espectadores. Foi o maior éxito da historia da compañía.
- 2005

Intégranse totalmente na tripulación Patricia de Lorenzo e Manuel Cortés. Fusiónanse a sala e a compañía e, desde un enfoque totalmente empresarial, divídese a actividade en tres áreas: a sala de espectáculos, a produción escénica e a produción audiovisual.



Hai que botalos, audiovisual de trincheira.

Pepe O'Inglés, unha serie para a TVG.

2006 *Tentacular* é un espectáculo de gran formato que une música, danza, circo e teatro. Unha especie de mega Ultranoite na que traballaron máis de 400 persoas. Unha Sala Nasa en movemento.

2007 *Alá no fondo hai sitio abondo*, teatro científico que aborda o tema da nanotecnoloxía. Nunca chegou aos circuítos teatrais, pero xirou por museos de ciencia de toda España e Portugal.

2008 *Mobidas*.

Crebinsky, a primeira longametraxe de ficción participada por Chévere Visión. Estréase en 2010.

2009 *Testosterona*, teatro de impacto social do que xurdiron outros proxectos fundamentais: obradoiros de sensibilización, sobre todo no rural, e un documental sobre xénero e identidade en Galicia que recolle esa experiencia.

2010 Ábrese ao público *redenasa.tv*, un instrumento estratéxico para o futuro da compañía que busca fidelizar o público que ten e conquistar o que non ten.

2005-2010: Estratexia empresarial



O FORNO
Elefante Elegante Teatro

Autores: Dominique Baeyens, Gonçalo Guerreiro, María Torres e Miguel Camino / Dirección: María Torres e Gonçalo Guerreiro / Elenco: Gonçalo Guerreiro, María Torres, Mónica Varela, Pablo Sánchez, Alex Fente
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Un espectáculo musical de Commedia dell'Arte sobre a sociedade de consumo contemporánea, destinado a todos os públicos.

Na aldea de Flordelís todo é harmonía. Os habitantes da vila reúnen-se ao redor do forno para amasar e cocer un gran pan que será compartido por todos. Mais un día, Madame Lisette, a comerciante, ten a idea de facer un pan só para ela... e por riba... con azucre! A reacción vai en cadea e as consecuencias son catastroficamente divertidas.

+ info. en: www.elefanteelegante.net



O SEGREDO DOS HOFFMAN
Lagarta Lagarta

Autores: Roberto Salgueiro e Alejandro Palomas
Dirección: Rosa Álvarez / Elenco: Xosé Barato, Ernesto Chao, Belén Constenla e Rebeca Montero
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Catro membros dunha familia, rota por un segredo oculto durante anos, reúnen-se con motivo do falecemento da avoa Constanza. Os seus recordos, soños e anhelos describen un universo pechado, de enorme carga emotiva, nun texto coral que debulla unha historia intensa e envolvente. O espectáculo está baseado na novela de Alejandro Palomas, finalista do Premio Torrevieja 2008.



OS CLOCLÓ
Lambríaca Teatro

Autoría: Fran Peleteiro / Dirección: Julián R. Novo, Xosé Manuel Conde / Elenco: Fran Peleteiro, Humy Donado, Xulio Cela, Xosé M. Conde, Marta Lado / Xénero: Teatro adultos/Comedia

O maior, os medianos e os mozos... tres xeracións unidas por unha soa idea: vivir pola cara e sen traballar. Esta comedia converte estes personaxes en heroes dentro dun mundo cheo de tiburóns, que aproveitan a mínima para facernos a vida imposible, é dicir, sen traballo, soldos ridículos, horarios escravizantes, etc. Vivir pola cara é tan doado como semella? Non deixes de ver esta comedia, pode ser a solución dos teus problemas!

+ info. en: www.lambriaca.com

Xosé Manuel Olveira "Pico":
Con sinceridade, actor

ESTÁ EMPEÑADO EN CONVENCERNOS DE QUE ACTUAR É MÁIS FÁCIL DO QUE MOITOS PENSAN. “SE CHE DIN QUE TES QUE ABRIR UN CAIXÓN E COLLER UNHA CARTA, NON TES QUE PENSAR NA REVOLUCIÓN FRANCESA OU NA NAI MORTA. O QUE TES QUE FACER É ABRIR UN CAIXÓN E COLLER UNHA CARTA”.

XOSÉ MANUEL OLVEIRA “PICO”
(ESTEIRO, MUROS, 1955) DESCRÉ DE

VISIÓNS CATÁRTICAS DA
ACTUACIÓN. CON NATURA-

LIDADE PASOU DO TEATRO AFECCIONADO AO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO, CASE SEN CHAMAR Á PORTA, E EN POUCO TEMPO CONVERTEUSE NUN HABITUAL NOS ESCENARIOS E NAS PANTALLAS. DAQUILO XA PASOU UN CUARTO DE SÉCULO, TEMPO NO QUE EL TIVO (E SEGUE A TER) O PRIVILEXIO DE GAÑAR A VIDA CO QUE LLE GUSTA. E NÓS, OS ESPECTADORES, TIVEMOS (E SEGUIMOS A TER) O PRIVILEXIO DE GOZAR DA SÚA CAPACIDADE PARA DAR VIDA A PERSONAXES DE TODA CONDICIÓ, CONSTRUÍDOS SEMPRE CON SINCERIDADE. PICO É NA ACTUALIDADE PRESIDENTE DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL, PERO SOBRE TODO É O QUE MÁIS LLE GUSTA SER:

ACTOR.



Falamos nos últimos números de *Paraíso* con outros actores e actrices que comezaron a súa carreira a finais dos 60 e principios dos 70. Séntese parte dunha xeración?

Síntome parte dela máis que nada por coincidir a época na que comezamos, pero non porque me ligase nada en especial con eles. Eles viñan de grupiños que tendían a facerse profesionais, e eu estaba nun grupiño de afeccionados de Santiago e a verdade é que non pensaba dedicarme profesionalmente ao teatro. Cando rematei COU no seminario, quería facer Arte Dramática, pero non puiden ir a Madrid ou a Barcelona e acabei estudando Maxisterio en Santiago. Uninme ao único grupo que existía aquí, Ditea, co vello Magán dirixindo, e alí botei moitos anos.

Por estar en Ditea coñecín a Chano Piñeiro. El estudaba Farmacia e regaláranlle unha cámara de súper 8. Quería facer cine e veu ao sitio no que podía atopar actores. Fixemos a curta *Os paxaros morren no aire*, e logo a longametraxe *O tolo*. Despois tivo un encargo do Concello de Vigo para unha mediametraxe en 16 mm sobre o alcoholismo, e chamoume para facer o *protá*. E alí, no 85, coñecín a Rosa Álvarez, que me propuxo que levase o currículo ao Centro Dramático.

Ou sexa, que o seu paso do teatro afeccionado ao profesional foi a través do cine.

Si, pero foi casualidade, cunha compoñente de sorte. Quince días despois de deixar alí a miña foto, tiven unha chamada de Xúlio Lago. Estaba montando *A noite vai coma un río*, de Cunqueiro, e falláralle un dos actores. E así empecei.

E ese salto do teatro afeccionado ao CDG foi moi grande, non?

Foi enorme. Ditea era un grupiño con moi poucos medios a nivel técnico e con actores de todo tipo: estudantes, policía municipais, electricistas... Montabas os espectáculos dependendo da xente que houbera ese ano. E de repente estábanme pagando por facer o que me gustaba. E dixeran para min: “de aquí non me move nin Deus”. E así foi. Ao ano seguinte Cejudo chamoume para *A pousadeira* de Goldoni, e ao outro ano veu Mario Gas e colleume para *O mozo que chegou de lonxe*. Empecei a facer cousas que funcionaban moi ben, e acadéi un pequeno oco entre os profesionais. Cando vira *Woyceck* parecérame unha pasada, e en dous ou tres anos estaba máis ou menos no medio desa barafunda, que realmente a nivel profesional eran todos tan novos coma min.

Só que empezaran no teatro profesional algo antes.

Si, pero moi pouco. Logo xa no 85 aparece a TVG e no 89 faise a primeira serie de ficción, *Os outros feirantes*. Aí traballei en dous capítulos, e así comecei na tele. Foi todo moi encadeado.

“EU NUNCA TIVEN MOI CLARO CAL ERA A DIFERENZA ENTRE SER AFECCIONADO E PROFESIONAL. PARA MIN O QUE DEFINE UN ACTOR É QUE O TEATRO LLE GUSTE E QUE INTENTE APRENDER CADA DÍA”



As actas escuras, do CDG

“DE REPENTE ESTÁBANME PAGANDO POR FACER O QUE ME GUSTABA. E DIXEN PARA MIN: ‘DE AQUÍ NON ME MOVE NIN DEUS’”

É habitual que lle dean un pouco a todo: teatro, cine, televisión...

Daquela a TVG botou man da xente que coñecía do teatro. Estabamos todos “en bólas”: poñerse diante da cámara era unha novidade, e todos fomos aprendendo a medida que faciamos cousas. Agora xa hai moita xente que entra directamente en series polos *castings* e que nunca fixo teatro na súa vida. Son moi bos en televisión ou cine, pero páreceme que a un actor que non fixo teatro lle falta unha pata, que está incompleto.

Agora tamén se dá algo que entón non era posible, que actores que comezan polo cine ou a televisión pasen logo ao teatro.

Estase dando moito. Igual que baixou un montón o número de espectadores no cine,

nos últimos catro ou cinco anos o teatro deu un tirón de espectadores impresionante. Ernesto Chao e mais eu fixemos con *Aeroplanos* case 80 funcións só en Galicia, unha loucura. Eramos dous personaxes coñecidos da tele, o que ten a vantaxe de que a xente vai, pero a desvantaxe de que esperan ver a Miro Pereira e o avogado de *Pratos combinados*.

Volvendo ao teatro afeccionado, cre que goza de boa saúde?

É que eu nunca tiven moi claro cal era a diferenza entre afeccionado e profesional. Para min o que define un actor é que o teatro lle guste e que intente aprender cada día. A diferenza é que cobre ou non cobre, nin sequera que teñas o título de Arte Dramática posibilita que sexas bo ou mal actor.



Eu coincidín en Ditea con actores impresionantes, que nunca tiraron por aí porque eran empregados de banca ou tiñan unha tenda.

Contei cerca de 25 espectáculos do CDG nos que participou, polo que debe de ser unha das persoas que mellor coñece como evolucionou nestes anos.

Para min o que fallou no CDG nos primeiros anos é que non houbo un director que puidese consolidar un proxecto, e iso notouse. En catro anos pasaron catro ou cinco directores distintos. Logo entrou Guede, que creo que estivo demasiado tempo, case 14 anos. Iso acaba queimando, porque a xente quere un cambio de programa, de maneira de facer e de forma de entender

o teatro. E iso non quere dicir que Guede non tivese propostas interesantes. A única vez que houbo unha dirección máis ou menos consolidada nun tempo prudencial foi con Cristina Domínguez.

Que espera da nova etapa con Blanca Cendán na dirección?

Espero que lle vaia ben, polo ben de todos. Dáme a impresión de que economicamente é unha época mala, en xeral e para o teatro, e iso pode afectar aos seus proxectos. Parece que hai unha pretensión seria de montar un musical o ano que vén, o que me parece bo.

“PARÉCEME QUE A UN ACTOR QUE NON FIXO TEATRO LLE FALTA UNHA PATA, ESTÁ INCOMPLETO”

De quen aprendeu máis, dos seus compañeiros de elenco ou dos directores?

Dos compañeiros aprendes sempre, pero é unha cousa diaria, da que te decatas menos. Cos directores é un traballo intenso. Aprendín un montón con directores como Xan Cejudo, Quico Cadaval ou Xúlio Lago. E tamén cos que viñan de fóra, como Ricard Salvat, Mario Gas, Pere Planella, Fabio Mangolini...

E segue aprendendo?

Cada día sacas algo en limpo. Moitas veces é unha cousa inconsciente. En *As actas escuras* houbo un traballo de texto con Xúlio Lago moi importante para que o público non se aburrise cun texto moi arrevesado, moi duro. Caes na conta a posteriori, poste a pensar como se chegou aí e realmente foi alucinante. Creo que nunca me parei tanto nun texto como nese.

Onde se sente máis cómodo, sobre as táboas ou diante da cámara?

Gústame máis o teatro. A tele vai moi rápido. Non hai tempo, e ás veces unha toma xa vale se non tropezas co moble e non te trabaches na frase. No teatro a historia empeza e acaba, hai que saír de situacións en que quedas en branco, e hai contacto directo co público. Iso si, prefiro un bo guiión dunha película ou dunha serie que un mal texto de teatro.

É bastante habitual que actores que levan tanto tempo se lancen á dirección ou creen as súas propias compañías. Vostede non está en ningún deses dous casos. Teno descartado?

Absolutamente. Non me quero meter no *berenxenal* dunha empresa. E creo que non estou capacitado para dirixir. Un director ten que ter moita man esquerda e ser medio psicólogo. Afortunadamente tiven moi bos directores, pero tamén algún malvado. Eu non estou nesta historia para sufrir, estou para divertirme. Hai que facer a historia críble, pero, se tes que chorar, o público non vai saber se te estás acordando do teu pai que morreu ou se estás mirando para o foco número un tres segundos e á forza che cae a lágrima. O público vete chorar e di: “que ben chora!”. Hai moitos directores aos que lles gusta facer sufrir, e tamén hai actores aos que lles gusta que lles dean *caña*. Vin verdadeiros cabróns, directores que teño marcados cunha cruz e cos que nunca volverei traballar. Afortunadamente non son a maioría, nin moito menos.

Eu non sabería dirixir. Hai que coñecer moito a xente, porque cada actor é un mundo e hainos que necesitan que lles pegues un grito e con outros, se o fas, quedan bloqueados. É moi complicado.

Prefire o traballo de actor.

Si, prefiro estar diante. Detrás xa hai outros máis listos.



Permítanos ser curiosos.

Por que lle chaman “Pico”?

Pois fai referencia ao meu nariz. Puxéronmo os compañeiros de escola e acompañame desde neno. Empezou sendo “Pico de Loro” e acabou en “Pico”.

Cal considera que é a súa principal virtude como actor?

Supoño que son bastante versátil. Podo facer un pouco de todo: comedia, drama, traxedia... Para min actuar é máis fácil do que parece. O texto xa está escrito, a clave é lelo dunha maneira obxectiva. Creo que hai que construír primeiro desde fóra; unha vez que tes a imaxe do personaxe é cando tes que darlle vida. E hai xente que empeza ao revés, por buscar dentro do personaxe, e cando chega a hora de estreitar ten sentimentos, pero non os mostra porque non construíu o envoltorio.

E un defecto?

Teño moitísimos. Sempre digo que non estou suficientemente preparado. Os rapaces novos saben de todo: cantan, bailan, fan esgrima. Eu non teño nin idea de baile nin desas cousas.

Dos personaxes que interpretou, con cal quedaría?

O último de *As actas escuras*, o de *Noite de Reis*, o maltratador de *A piragua*, o que facía en *O mozo que chegou de lonxe*, o marqués de *A pousadeira*... Hai un montón.

En *As actas escuras* facía de relixioso, e non era a primeira vez. Que papel lle sorprendería que lle ofrecesen?

Ultimamente levo moitos papeis de cura, en cine, televisión e teatro. Non sei se é polo pasado seminarista. A verdade é que fixen un pouco de todo:

malos, borrachos, marqueses, xente do pobo... Gustárame probar cun papel como o que fixo en cine López Vázquez en *Mi querida señorita*, un personaxe de muller. Gustárame facer de Bernarda Alba.

Se puidese escoller un director que o dirixise nese papel de muller, quen sería?

Hai moitos directores cos que me sentín moi cómodo: Quico Cadaval, Xúlio Lago, Xan Cejudo, Rosa Álvarez... De fóra, Mario Gas, que será quen me dirixa na próxima obra.

Como actor, todos os escenarios son iguais?

Non.

Con cal quedaría?

Co Rosalía de Castro e co Principal de Santiago. E quedaría co Jofre, cando era o Jofre. Quedo cos teatros, non con eses auditorios enormes.

Algún que non pisou e no que lle gustaría actuar?

No María Guerrero, no Palau ou no Campoamor de Oviedo.

Como espectador, marchou algunha vez do teatro antes de que acabase a función?

Nunca.

E do cine?

Creo que tampouco. Daríame máis corte marchar do teatro, sobre todo por non facerlle un feo aos compañeiros. En cine non tería tanto problema, pero houbo películas que non me gustaron nada e aguantei ata o final.

Para ler, teatro ou novela?

Gústame máis a novela. O teatro léoo máis por curiosidade e obrigación. Non obstante, de repente

descobres un dramaturgo que non coñecías e lánzaste a ler máis cousas del. Pasoume con Carlos Gorostiza cando montamos *Aeroplanos* hai dous anos, e pásame agora con Eduardo de Filippo.

Se as casualidades non o acabasen levando ao teatro profesional, a que lle gustaría terse dedicado?

Seguramente sería mestre e faría teatro afeccionado. E tería un grupiño de teatro no colexio.

Que consello lle daría a un actor ou actriz que estea comezando?

Que estude.

E un actor ou actriz do que lle gustaría recibir algún consello?

De moitos. Algúns xa non están, como José María Rodero. Recibín consellos de moita xente, e ás veces un bo consello non ten nada que ver coa calidade profesional, aínda que polo xeral os que están máis alto son os máis humildes. Pero un bo consello pode vir dun rapaz que acaba de empezar.

Déame unha boa razón para mudar de cidade.

Nin o penso. Marcharía para traballar se non me quedase máis remedio. O único que boto de menos en Santiago é o mar, pero teño Esteiro e Portosín aí ao lado.

Que proxectos ten agora entre mans?

Teño un proxecto con Mario Gas no Teatro Español: un texto de Eduardo de Filippo que se chama *Nápoles millonaria*.

Programación en crise, onde?

Inma López Silva

2010, o ano da crise, pecha a súa programación cun trimestre que demostra que o teatro galego, igual que o mago Xacobe ou os personaxes do espectáculo *Da'kara*, é capaz de sacar algo da nada, mantendo unha indubidable dignidade cando as vacas fracas as pintan ben negras para un sector que pasa, sen ningunha dúbida, por un dos seus peores momentos económicos. Por sorte, a negrura non se aplica ao talento, á creatividade e, sobre todo, ao brinde do teatro galego aos seus públicos.

Entre o máis destacable do trimestre está a continuidade dalgún dos mellores espectáculos que se estrearon a finais de 2009 ou comezos de 2010, como é o caso de *A esmorga*, de Sarabela Teatro, premiadísimo na edición de 2010 dos premios María Casares, unha excelente adaptación da novela homónima de Eduardo Blanco Amor. A compañía Lagarta Lagarta mantén en cartel *O segredo dos Hoffman*, un dos mellores espectáculos do ano protagonizado polo televisivo Ernesto Chao, que tamén posúe un dos papeis principais na nova entrega da compañía, *Cásting (A comedia)*, coa que Rosa Álvarez prosegue a súa fulgurante carreira como directora de escena.

Se de novidades se trata, unha das propostas interesantes é *A nona*, de Teatro do Morcego, obra coa que esta compañía, dirixida por Celso Parada, trae por fin para o teatro galego un dos clásicos da literatura dramática arxentina, este texto marabilloso de Roberto Cossa. A compañía mantén en cartel un clásico do teatro galego, dirixido igualmente por Celso Parada: *Os vellos non deben de namorarse*.

Teatro do Noroeste tamén estrea espectáculo neste derradeiro trimestre de 2010, rescatando o texto de Miguel Anxo Murado *Historias peregrinas*, obra de actualidade xacobea coa que Eduardo Alonso pon en escena unha galería de personaxes e historias sobre o propio teatro. Outra das estreas esperadas é a entrega de Teatro do Atlántico, dirixido por Xúlio Lago, *Historia de Helena e María*, texto delicioso de Roberto Salgueiro premiado co Abrente, onde se tece e destéce unha trama vinculada coa Guerra Civil. Estrearase así mesmo o excelente monólogo de Gustavo Pernas e de título que aquí resumimos como *Pisados ou Botomán de*

Melide, que segue na liña do “logomono”, un xénero cómico que o actor, dirixido por Ánxela Abalo na súa compañía Ancora Produccións, inaugurara con *Colgados*. Outra comedia que non decepciona, dirixida por Quico Cadaval, director indiscutible do teatro galego, é *Un cranio furado*, adaptación dunha obra do excelente autor irlandés Martin McDonagh na que participan autores recoñecidos e recoñecibles como Dorotea Bárcena, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Santi Romai. Talía Teatro, pola súa banda, continúa cunha obra de éxito durante a primeira parte de 2010: *Palabras encadeadas*, un dos poucos dramas presentes na carteleira e que non debe deixar de ver quen aínda non o vise. Pero a compañía tamén afronta un novo proxecto: a montaxe do clásico de Ben Jonson *Volpone*, dirixido por Roberto Salgueiro.

Espello Cóncavo, pola súa banda, pon en marcha a montaxe dun dos textos máis actuais e interesantes da nova dramaturxia galega, *Limpeza de sangue*, de Rubén Ribal. Cunha estética urbana e tratando temas eternos como o medo á morte ou a marxinalidade, esta obra por fin chega aos escenarios galegos, despois de anos de silenciamento escénico. Tamén actual pero cun humor irreverente arredor da historia “autonómica” de Galicia chega a montaxe de Fulano, Mengano e Citano *Nunca menos*, protagonizada por Manuel Pombal, Manuel Botana e Suso Pando.

Na liña do teatro máis arriscado e contemporáneo non quixeramos deixar de animar os nosos espectadores a asistiren a *Wake up*, de Nut Teatro, opción polo posdrama á que xa nos ten afeitos Carlos Neira e que cobre un espazo de teatro non teatral, teatro non textual, teatro suxestivo e orixinal que non deixa indiferentes, como sucede coa proposta de *Tercer cuerpo*, de Expresiones Teatrales Contemporáneas. Pola súa frescura e mocidade merecen igualmente unha mención as propostas da compañía Lambríaca Teatro, onde Fran Peleteiro dirixe *Os clocló*. A liña máis contemporánea e arriscada tamén se pode apreciar noutra das opcións destacadas desta carteleira, a da compañía madrileña Cuarta Pared, que nos visita nesta ocasión co espectáculo *Siempre fiesta*. Tamén chega a Galicia cun espectáculo interesante e necesario pola súa te-

“*Por sorte, a negrura non se aplica ao talento, á creatividade e, sobre todo, ao brinde do teatro galego aos seus públicos*

mática a compañía Telón Partido, co texto titulado *Maltrátame*.

En danza, esa opción artística que nunca cansaremos de recomendar, a oferta é sensibelmente menor que noutros espectáculos, inferioridade inxusta que só demostra a dificultade que supón consolidar as liñas máis contemporáneas e os discursos artísticos baseados en formas de significación diferentes da palabra. Sempre é unha opción interesante a compañía Nova Galega de Danza, que se presenta neste trimestre nalgunhas prazas da Rede co espectáculo *Alento*. Do mesmo xeito, unha das representantes máis interesantes da danza galega contemporánea, Maruxa Salas, ofrece en *Sólo dos* un conxunto de duetos que, sen dúbida, resultan un xénero atractivo para quen queira comezar a súa andaina como espectador ou espectadora de danza. David Loira ou Quique Peón, bailaríns e coreógrafos masculinos, tamén contan con espectáculos interesantes neste trimestre, *Dtulipanes* e *Ovay*, respectivamente.

A programación infantil, que inclúe a temporada alta destes públicos no Nadal, presenta así mesmo propostas notables, tanto en teatro como en monicreques, sempre ideais para gozar das artes escénicas en familia e perderlle o medo a sentar nunha butaca todos e, en directo, sumirse a ver o que sucede no escenario. Entre os monicreques quixera recomendar unha pequena compañía, Talitakumy, e mais a *Historia dun soldado* que propón unha das agrupacións tradicionais dos monicreques galegos, Viravolta, do mesmo xeito que outra das compañías clásicas, Artello, propón un clásico entre os clásicos que fai as delicias dos cativos, *Polgariño*. Canto ao teatro infantil, é sempre unha boa opción para toda a familia *Konrad ou o neno que saíu dunha lata de conservas*, de Sarabela, ou a proposta infantil de Teatro do Morcego, esta vez con certo ton laboralista, o musical *Saltimbanquis*. Tamén adoita ser un éxito entre os nenos o espectáculo dos ídolos infantís da Nosa Terra, *Os Bolechas*, de Caramuxo Teatro, así como *Pingueiras e tarteiras*, de Teatro del Andamio, ou *Rúa aire*, de O Retrete de Dorian Gray. Se o que buscan é unha obra infantil de tons históricos, daquela recomendaría *Valentino Rufini e Akil Pillabán van sen un can*, de Talía Teatro.



OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE
Teatro do Morcego

Autoría: Castelao / Dirección: Celso Parada
Elenco: E. Rodríguez Tatán, Miguel Borines, Miguel Pernas, Mundo Villalustre, Mónica Camaño, Xavier Deive, Elina Luaces, Miguel Varela, Iolanda Muíños, Andrés Giraldez, etc. / Xénero: Teatro adultos/Clásico

Esta é unha farsa que trata dos amores de tres vellos imprudentes, D. Saturio, D. Ramón e o señor Fuco, que teñen a desgraza de poñer os seus ollos na mocidade garrida de tres rapazas novas: Lela, Micaela e Pimpinela. Como consecuencia desa imprudencia, os tres rematan morrendo: D. Saturio, envelenado cun solimán da propia botica; D. Ramón, deitado no esteroco entregando a alma por un bico; e o vinculeiro señor Fuco, de felicidade ao conseguir casar coa súa namorada.



PALABRAS ENCADEADAS
Talía Teatro

Autor: Jordi Galcerán / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Toño Casais, María Ordóñez / Xénero: Teatro adultos/Drama

Un psicópata e a súa vítima, secuestrada nun espazo sen posibilidade de fuxida aparente, van descubrindo a súa historia, onde o que é certo e falso pende sempre dun fío. Na busca da verdade que os levou a esta situación extrema, o papel de culpable vai de man en man e o que parecía un final previsible transfórmase en inevitable.

+ info. en: www.taliateatro.es



PAPÁ QUERIDO...
Teatro del Andamio

Autoría: Aída Bortnik / Dirección: Álvaro Guevara
Elenco: Cristina Ramallal, Gema Ulloa, Nacho Martín, Luís Vivanco / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Divertida e irónica comedia na que catro irmáns que non se coñecen se encontran o día do velorio do seu pai. No medio de situacións absurdas, revelan as súas verdadeiras identidades, dando a coñecer distintas facetas das súas vidas e decatándose de canto influíu o seu pai nas súas personalidades.

+ info. en: www.teatrodelandamio.com



PISADOS OU BOTAMÁN DE MELIDE,
O HOME QUE FALABA COS ZAPATOS
—LOGOMONOS—
Ancora Produccións

Autoría: Gustavo Pernas Cora / Dirección: Ánxela G. Abalo / Elenco: Gustavo Pernas Cora / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Botamán de Melide sopra follas no outono e aprendeu linguas polos pés, ao paso dos peregrinos do Camiño de Santiago. Máis tarde descubriu, entre as follas do chan, a linguaxe secreta das pedradas. É quen de falar cos zapatos e vénlle revelar ao público o que calan as bocas e gardan os pés. Pero hai forzas vivas que o queren impedir...



PRESSING CATCH
Berrobambán

Autora: Paula Carballeira / Dirección: Quico Cadaval
Elenco: Hugo Torres, Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Anabell Gago / Xénero: Teatro adulto/Outros

Vivimos na era do medo. Temos medo practicamente de todo; e o medo, ademais de limitar a nosa liberdade, núbranos o entendemento e fainos manipulables. Berrobambán fai teatro do espectáculo do “pressing catch”, tomando algunhas das súas convencións e introducindo variantes. En *Pressing Catch* a loita que se realiza nos cuadriláteros, seguindo unhas normas determinadas, vai ocupar un espazo de ficción como é o teatro e, á vez, vai ter un paralelismo coa realidade, cos loitadores e loitadoras anónimos que realizamos actos de violencia cada día sen reparar neles.

+ info. en: www.berrobamban.com



SALOMÉ
Diafora Teatro

Autoría: Sandra Iglesias / Dirección: Sara Baltar
Elenco: Sandra Iglesias Miranda / Xénero: Teatro adultos/Drama

Un amor obsesivo leva a Salomé a tomar decisións máis alá da vida e da morte. Unha visión diferente á da *Biblia* que narra a dor e os sentimentos máis profundos dunha muller que abandona todo pola súa única obsesión.

+ info. en: www.diafora.es



SEXO? POR QUE NON?
Eme2 emoción&arte

Autoría: Franca Rame, Dario e Jacopo Fo
Dirección: Álvaro Lavín / Elenco: Mercedes Castro
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Por que case nunca falamos de sexo? Por que, se o facemos, sempre o tomamos desde os complexos e o estereotipo? Xa que o sexo é unha parte central das nosas vidas, por que nos é tan difícil compartir as experiencias que o rodean? Fuxindo do bombardeo pornográfico, do tópico e do chiste fácil, *Sexo? Por que non?* é unha comedia trepidante na que desde Adán e Eva ata os nosos días se mostran situacións cotiás en torno ao encontro carnal.

+ info. en: www.emedous.com



SIEMPRE FIESTA
Cuarta Pared

Autoría: Luís García Araus, Susana Sánchez, Javier G. Yagüe / Dirección: Javier G. Yagüe / Elenco: María Antón, Luciana Drago, José Melchor, Javier Pérez-Acebrón, Asu Rivero, José Sánchez / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A historia dunha familia que vive nunha festa constante; unha fábula social sobre a busca da felicidade narrada en forma de conto. O narrador fálanos dunha familia que se refuxia nos seus costumes, as súas ideas e a súa propia realidade ficticia. Pero o mantemento do seu modo perfecto de vida acaba converténdose en algo insostible que remata descompondo o núcleo familiar. Unha historia do tempo no que vivimos, un estudo sobre a realidade vista con ironía.

+ info. en: www.cuartapared.es



SÓ
Abada Teatro - Carlos Blanco

Autor: Carlos Blanco / Dirección: Carlos Blanco
Elenco: Carlos Blanco / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Só? Si. Só. / De jazz, feito coa palabra, coa luz. De humor, feito á man, artesán, unha artesá. A da risa. / Nun escenario, só, un cómico fala. / Carlos Blanco, centos e centos de actuacións, de risas, milleiros de gargalladas provocadas. / Só. Porque así nacemos e así morremos. / SOS. Porque o galego é a única lingua na que a soidade colectiva se representa cun sinal de socorro. / Sós, como en Manoel Antonio... / Só. E non é pouco. / O riso, a comedia, a vida vista cun toque de enxeño.

+ info. en: www.abada.es



SON DA CORDA
Teatro Forma

Autoría: Rita Tabarés Goldar / Elenco: Sara Baltar, Tania L. Villamarín, Rita Tabarés / Xénero: Teatro adultos/Drama

A obra conta o inicio da comunicación de tres mulleres que coinciden na sala de espera dun psiquiatra coa única pretensión de normalizaren as súas vidas. O que en principio parece ser unha situación de soidade e de profunda necesidade de compartir, acaba converténdose nun caos absoluto, motivado polo abuso de poder que exerce o psiquiatra fronte á vulnerabilidade das súas pacientes.

+ info. en: www.formateatro.com



TERCER CUERPO
Producciones Teatrales Contemporáneas

Autoría: Claudio Tolcachir / Dirección: Claudio Tolcachir
Elenco: Melisa Hermida, Daniela Pal, José María Marcos, Herman Grinstein, Magdalena Grandoni / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Unha oficina medio desfeita, a casa dunha parella, un bar e un consultorio médico. Diferentes sitios que se alternan nun mesmo espazo conxugando a vida de cinco personaxes. Úneos a soidade, a incomprensión e a necesidade de amar.

+ info. en: www.ptcteatro.com



TODA UNHA VIDA
Expresións Produccións

Autoría: creación colectiva e varios autores
Elenco: Alberto Montes, Luci Gálvez, Óscar Tosar, Viky Estévez, Vanesa Moreira, Irene López, Carlos Gálvez
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Comedia emocional íntima. Espectáculo sorprendente e orixinal que engaiola o público desde o inicio polo seu ritmo, limpeza, cambio constante e calidade do traballo, xa que conxuga momentos de gargallada e sorriso con momentos de emoción. Unha visión da vida tenra e con esperanza.

+ info. en: www.expresionproductions.com

PROGRAMACIÓN
SETEMBRO-DECEMBRO 2010

[consultar posibles modificacións de carteleira
en *galiciamovese.xunta.es*]

PROVINCIA DA CORUÑA

A CORUÑA

SETEMBRO

18 ás 19.00 h _Forum Metropolitano	
LA CARRETA TEATRO _ <i>Mowgli - El libro de la selva</i>	[P. 41]
18 ás 22.30 h _Teatro Rosalía Castro	
LAVI E BEL TEATRO _ <i>Cabaret líquido</i>	[P. 07]
25 ás 19.00 h _Forum Metropolitano	
TIRITITEMPO _ <i>Osofete</i>	[P. 41]
30 ás 20.30 h _Colón Caixa Galicia	
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Historias peregrinas</i>	[P. 12]

OUTUBRO

02 ás 19.00 h / 03 ás 17.30 h _Forum Metropolitano	
CARAMUXO TEATRO _ <i>Mensaxe sen botella</i>	[P. 41]
02 ás 19.00 h / 03 ás 12.30 e 19.00 h _Teatro del Andamio	
TRES GLOBOS _ <i>Pedro e o lobo, singular versión</i>	[P. 41]
08 e 09 ás 20.30 h _Forum Metropolitano	
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>Papá querido...</i>	[P. 22]
09 ás 19.00 h / 10 ás 12.30 e 19.00 h	
Teatro del Andamio _ARTESTUDIO TEATRO _ <i>Contos no ar</i>	[P. 40]
14 ás 11.30 h / 15 e 16 ás 20.30 h _Teatro Rosalía Castro	
EME2 EMOCIÓN&ARTE _ <i>Sexo? Por que non?</i>	[P. 22]
14 ás 20.30 h _Colón Caixa Galicia	
ANCORA PRODUCCIÓNs _ <i>Pisados ou Botamán de Melide, o home que falaba cos zapatos –Logomonos–</i>	[P. 22]
16 ás 19.00 h / 17 ás 12.30 e 19.00 h	
Teatro del Andamio _MÚSICOS Y TITIRITEROS	
<i>Un ratito más</i>	[P. 46]
21 ás 11.30 h / 22 ás 11.30 e 20.30 h	
Teatro Rosalía Castro _EPELLO CÓNCAVO	
<i>Limpeza de sangue</i>	[P. 12]
24 ás 19.00 h _Teatro Rosalía Castro	
JAVIER MARTÍN _ <i>El estado crudo</i>	[P. 49]
30 ás 19.00 h / 31 ás 12.30 e 19.00 h	
Teatro del Andamio _TANXARINA TÍTERES	
<i>Ah, Ah, Ah, estamos monstros de risa</i>	[P. 38]
31 ás 20.30 h _Forum Metropolitano	
TALÍA TEATRO _ <i>Palabras encadeadas</i>	[P. 22]

NOVEMBRO

01 ás 20.30 h / 02 ás 11.30 h _Forum Metropolitano	
TALÍA TEATRO _ <i>Palabras encadeadas</i>	[P. 22]
05 e 06 ás 20.30 h _Teatro Rosalía Castro	
CUARTA PARED _ <i>Siempre fiesta</i>	[P. 22]
11 ás 20.30 h _Colón Caixa Galicia	
PRODUCCIÓNs TEATRÁIs EXCÉNTRICAS	
<i>Un cranio furado (a skull in Connemara)</i>	[P. 36]

19 e 20 ás 20.30 h / 21 ás 19.00 h	
Teatro Rosalía Castro _TEATRO DO ATLÁNTICO	
<i>Memoria de Helena e María</i>	[P. 14]
20 ás 18.00 h / 21 ás 12.30 e 18.00 h	
Teatro del Andamio _A XANELA DO MAXÍN	
<i>A pequena Lúa</i>	[P. 37]
25 ás 20.30 h _Colón Caixa Galicia	
TALÍA TEATRO _ <i>Volpone</i>	[P. 36]
27 ás 18.00 h / 28 ás 12.30 e 18.00 h	
Teatro del Andamio _ARTE FUSIÓN TÍTERES	
<i>Cuentos sonantes y títeres</i>	[P. 40]
28 ás 19.00 h _Forum Metropolitano	
PRODUCCIONES TEATRALES CONTEMPORÁNEAS	
<i>Tercer cuerpo</i>	[P. 22]

DECEMBRO

01, 02 e 03 ás 12.00 h _Forum Metropolitano	
O RETRETE DE DORIAN GRAY _ <i>Rúa Aire</i>	[P. 41]
02 ás 12.00 h / 03 ás 10.00 e 12.00 h / 04 ás 19.00 h	
Teatro Rosalía Castro _TEATRO DO MORCEGO	
<i>Saltimbanquis</i>	[P. 41]
04 ás 18.00 h / 05 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio	
MÚSICOS Y TITIRITEROS _ <i>Aquí canto yo</i>	[P. 38]
10 e 11 ás 20.30 h / 12 ás 19.00 h _Teatro Rosalía Castro	
LAGARTA LAGARTA _ <i>Cásting (a comedia)</i>	[P. 08]
11 ás 18.00 h / 12 ás 12.30 e 18.00 h _Teatro del Andamio	
FANTOCHES BAJ _ <i>Sinda, Linda, Casllda, Simón e o Demo Cobillón</i>	[P. 41]
18 ás 18.00 h / 19 ás 12.30 e 18.00 h	
Teatro del Andamio _TIRITITEMPO	
<i>Buscando a illa do tesouro</i>	[P. 40]
26 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio	
TALYTAKUMY _ <i>A árbore da vida</i>	[P. 37]
27 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio	
PÁPRIKA TEATRO _ <i>Un día muy especial</i>	[P. 46]
28 ás 19.00 h _Forum Metropolitano	
TEATRO PARAÍSO SAL _ <i>El flautista mágico</i>	[P. 40]
29 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio	
GHAZAFELHOS _ <i>Contos mariñeiros</i>	[P. 40]
29 ás 19.00 h _Forum Metropolitano	
TIRITITEMPO _ <i>Osofete</i>	[P. 41]
30 ás 17.00 e 19.00 h _Teatro del Andamio	
TEATRO BABALUVA _ <i>Lume</i>	[P. 40]
30 ás 19.00 h _Forum Metropolitano	
LA CARRETA TEATRO _ <i>Mowgli - El libro de la selva</i>	[P. 41]

AMES

OUTUBRO		
03 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
SARABELA TEATRO _Konrad ou o neno		
que saíu dunha lata de conservas	[P. 40]	
24 ás 17.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro		
TEATRO DO MORCEGO _Saltimbanquis	[P. 41]	
NOVEMBRO		
14 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
GALITOOON _Babiliglub	[P. 39]	
28 ás 17.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro		
GALITOOON _Rosalía, a pulga que escribía	[P. 41]	
DECEMBRO		
27 ás 17.00 h _Casa da Cultura do Milladoiro		
TEATRO DEL ANDAMIO _Pingueiras e tarteiras	[P. 41]	
30 ás 17.00 h _Casa da Cultura de Bertamiráns		
ARTESTUDIO TEATRO _Contos no ar	[P. 40]	

ARTEIXO

NOVEMBRO		
05 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
MALASOMBRA _Go On!!	[P. 12]	
12 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
SARABELA TEATRO _A esmorga	[P. 06]	
19 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
EME2 EMOCIÓN&ARTE _Sexo? Por que non?	[P. 22]	
DECEMBRO		
10 ás 20.30 h _Centro Cívico Cultural		
BAMBALINAS ASESINAS _Maté a un tipo	[P. 13]	

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

OUTUBRO		
15 ás 21.00 h _Cine Alovi		
_ABADA TEATRO _Só	[P. 22]	
22 ás 21.00 h _Cine Alovi		
RÓBER BODEGAS _Un condón por si pillo!	[P. 36]	
29 ás 21.00 h _Cine Alovi		
EME2 EMOCIÓN&ARTE _Sexo? Por que non?	[P. 22]	
DECEMBRO		
10 ás 21.00 h _Cine Alovi		
NOVA GALEGA DE DANZA _Alento	[P. 19]	

BETANZOS

OUTUBRO		
02 ás 20.00 h _Aula Municipal de Cultura		
TEATRO DEL ANDAMIO _Papá querido...	[P. 22]	
24 ás 20.00 h _Aula Municipal de Cultura		
LAGARTA LAGARTA _O segredo dos Hoffman	[P. 15]	
NOVEMBRO		
06 ás 20.00 h _Aula Municipal de Cultura		
TEATRO DO ATLÁNTICO _Memoria de Helena e María	[P. 14]	
DECEMBRO		
05 ás 18.00 h _Aula Municipal de Cultura		
CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 41]	
11 ás 18.00 h _Aula Municipal de Cultura		
GALITOOON _Babiliglub	[P. 39]	
18 ás 18.00 h _Aula Municipal de Cultura		
O RETRETE DE DORIAN GRAY _Rúa Aire	[P. 41]	
26 ás 18.00 h _Aula Municipal de Cultura		
ARTESTUDIO TEATRO _Contos no ar	[P. 40]	

BOIRO

NOVEMBRO		
12 ás 11.30 e 20.00 h		
Casa da Cultura Ramón Martínez López		
TEATRO BABALUVA _Lume	[P. 40]	
19 ás 11.30 e 20.00 h		
Casa da Cultura Ramón Martínez López		
TALÍA TEATRO _Valentino Rufini e Âkil Pillabán		
de viaxe a Milán (e van sen un can)	[P. 48]	
26 ás 11.30 e 20.00 h _Casa da Cultura Ramón Martínez López		
SARABELA TEATRO _Konrad ou o neno que saíu		
dunha lata de conservas	[P. 40]	

CARBALLO

OUTUBRO		
15 e 16 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
PRODUCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS		
Un cranio furado (a skull in Connemara)	[P. 36]	
23 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
TALÍA TEATRO _Volpone	[P. 36]	
30 ás 21.00 h _Pazo da Cultura		
PRODUCCIONES TEATRALES		
CONTEMPORÁNEAS _Tercer cuerpo	[P. 22]	
DECEMBRO		
27 ás 18.00 h _Pazo da Cultura		
CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 41]	
28 ás 18.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO DO MORCEGO _Saltimbanquis	[P. 41]	
29 ás 18.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO PARAÍSO SAL _El flautista mágico	[P. 40]	

CEDEIRA

OUTUBRO		
23 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
BERROBAMBÁN _Pressing Catch	[P. 22]	
31 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
A INTERNACIONAL TEATRO _Frida	[P. 09]	

NOVEMBRO		
21 ás 18.30 h _Auditorio Municipal		
ABADA TEATRO _Africanízate	[P. 06]	

CEE

NOVEMBRO		
27 ás 20.00 h _Salón de Actos do Concello		
TEATRO DEL ANDAMIO _Papá querido...	[P. 22]	

DECEMBRO		
11 ás 20.00 h _Salón de Actos do Concello		
MALASOMBRA _Go On!!	[P. 12]	
18 ás 20.00 h _Salón de Actos do Concello		
LAMBRÍACA TEATRO _Os Clocló	[P. 15]	

CULLEREDO

NOVEMBRO		
19 ás 19.30 h _Edificio de Servizos Múltiples		
SARABELA TEATRO _Konrad ou o neno que saíu		
dunha lata de conservas	[P. 40]	
DECEMBRO		
03 ás 19.30 h _Edificio de Servizos Múltiples		
ARTESTUDIO TEATRO _Contos no ar	[P. 40]	
10 ás 19.30 h _Edificio de Servizos Múltiples		
CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 41]	

FERROL

SETEMBRO		
24 ás 20.30 h _Teatro Jofre _CAYETANO LLEDÓ		
Máxico Circus Cabaret: o cabaret dos números descartados	[P. 48]	
OUTUBRO		
02 ás 18.00 h / 03 ás 12.00 h		
Capela do Centro Torrente Ballester		
TANXARINA TÍTERES _Ah, ah, ah, estamos monstros de risa	[P. 38]	
07, 08 e 09 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
ANCORA PRODUCCIÓNs _Pisados ou Botamán de Melide, o home que falaba cos zapatos –Logomonos–	[P. 22]	
17 ás 19.00 h _Teatro Jofre		
ANDRÉS MARÍN _El cielo de tu boca V2	[P. 49]	
22 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
MARTÍN CAMIÑA _A outra realidade	[P. 48]	
28 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
DLOIRA _Tulípanes	[P. 50]	

NOVEMBRO		
06 ás 18.00 h / 07 ás 12.00 h _Capela do Centro		
Torrente Ballester _CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 41]	
19 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
MAGO VITUCO _Mago Vítuco & Jessica V.2	[P. 48]	
20 ás 20.30 h _Teatro Jofre _PRODUCCIONES TEATRALES		
CONTEMPORÁNEAS _Tercer cuerpo	[P. 22]	
25 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
NATS NUS DANSA _En Attendant L’ Inattendu	[P. 49]	

DECEMBRO		
04 ás 18.00 h / 05 ás 12.00 h _Capela do Centro		
Torrente Ballester _TIRITITEMPO _Osofete	[P. 41]	
09 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
LA MACANA _Double Track	[P. 49]	
10 e 11 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
TALÍA TEATRO _Palabras encadeadas	[P. 22]	
19 ás 19.00 h _Teatro Jofre		
OTRA DANZA _El gran banquete	[P. 49]	
23 ás 20.30 h _Teatro Jofre		
NUT TEATRO _Wake Up	[P. 37]	
26 ás 19.00 h _Teatro Jofre		
DANI GARCÍA _Da’ kara	[P. 48]	

MUROS

OUTUBRO		
30 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil		
LAGARTA LAGARTA _Cásting (a comedia)	[P. 08]	

NOVEMBRO		
20 ás 18.30 h _Centro Cultural e Xuvenil		
TEATRO DO MORCEGO _Saltimbanquis	[P. 41]	
27 ás 18.30 h _Centro Cultural e Xuvenil		
SARABELA TEATRO _Konrad ou o neno que saíu dunha lata de conservas	[P. 40]	

DECEMBRO		
11 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil		
BAMBALINAS ASESINAS _Maté a un tipo	[P. 13]	
18 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil		
ABADA TEATRO _Africanízate	[P. 06]	
28 ás 18.30 h _Centro Cultural e Xuvenil		
ARTESTUDIO TEATRO _Contos no ar	[P. 40]	
30 ás 21.00 h _Centro Cultural e Xuvenil		
A INTERNACIONAL TEATRO _Frida	[P. 09]	

NARÓN

SETEMBRO		
17 ás 20.30 h / 18 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
LAGARTA LAGARTA _Cásting (a comedia)	[P. 08]	
24 ás 20.30 h / 25 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO DO NOROESTE _Historias peregrinas	[P. 12]	

OUTUBRO		
02 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
ESPELLO CÓNCAVO _Limpeza de sangue	[P. 12]	
08 ás 20.30 h / 09 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO DO ATLÁNTICO _Memoria de Helena e María	[P. 14]	
15 ás 20.30 / 16 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO DO MORCEGO _A nona	[P. 06]	
21 ás 20.30 h _Pazo da Cultura		
EL TALLER COMPAÑÍA DE FLAMENCO _Rosas negras	[P. 50]	
23 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
EME2 EMOCIÓN&ARTE _Sexo? Por que non?	[P. 22]	
28 ás 20.30 h _Pazo da Cultura		
CRISTINA MONTERO _1ª Party	[P. 49]	
30 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
BAMBALINAS ASESINAS _Maté a un tipo	[P. 13]	

NOVEMBRO		
05 ás 20.30 h / 06 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO DO MORCEGO _Os vellos non deben de namorarse	[P. 22]	
07 ás 18.00 h / 08 e 09 ás 10.00 e 12.00 h		
Auditorio Municipal _SARABELA TEATRO		
Konrad ou o neno que saíu dunha lata de conservas	[P. 40]	
10 e 11 ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal		
TÍTERES TROPICALLO _Violeta Coletas contra as salchichas Gulp!	[P. 48]	
11 ás 20.30 h _Pazo da Cultura		
JAVIER MARTÍN _...Tabú resorte...	[P. 50]	
13 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
CUARTA PARED _Siempre fiesta	[P. 22]	
14 ás 18.00 h / 15 e 16 ás 10.00 e 12.00 h		
Auditorio Municipal _ARTELLO TEATRO ALLA		
SCALA 1:5 _Polgariño & Cía	[P. 41]	
17 e 18 ás 10.00 e 12.00 h _Auditorio Municipal		
GHAZAFELHOS _Frankenstein	[P. 40]	
18 ás 20.30 h _Pazo da Cultura		
SÓLODOSNEODANS _Sólodos	[P. 50]	
27 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
LAVI E BEL TEATRO _Cabaret líquido	[P. 07]	
28 ás 19.00 h _Auditorio Municipal		
ARACALADANZA _Pequeños paraísos	[P. 49]	

DECEMBRO		
04 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO MERIDIONAL _Miguel Hernández	[P. 14]	
11 ás 20.00 h _Pazo da Cultura		
TEATRO CHE Y MOCHE _Los músicos del Titánic	[P. 13]	
12 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO PARAÍSO SAL _El flautista mágico	[P. 40]	

NOIA

DECEMBRO		
18 ás 18.00 h _Teatro Coliseo Noela		
CARAMUXO TEATRO _Os Bolechas	[P. 41]	
26 ás 18.00 h _Teatro Coliseo Noela		
MATAPIOLLOS TEATRO _Flis-flí-ris-flás	[P. 40]	
27 ás 18.00 h _Teatro Coliseo Noela		
GALITON _Rosalía, a pulga que escribía	[P. 41]	
28 ás 18.00 h _Teatro Coliseo Noela _TÍTERES TROPICALLO		
Violeta Coletas contra as salchichas Gulp!	[P. 48]	
29 ás 18.00 h _Teatro Coliseo Noela		
ARTESTUDIO TEATRO _Contos no ar	[P. 40]	

OLEIROS

OUTUBRO		
29 ás 21.00 h / 30 ás 20.30 h		
Auditorio Gabriel García Márquez		
ABADA TEATRO _Africanízate	[P. 06]	

NOVEMBRO		
13 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
FULANO, MENGANO E CITANO _Nunca menos	[P. 14]	
27 ás 20.30 h _Auditorio Gabriel García Márquez		
SÓLODOSNEODANS _Sólodos	[P. 50]	

ORTIGUEIRA

SETEMBRO		
25	ás 20.30 h _Teatro da Beneficencia	
EXPRESIÓNS PRODUCCIÓNS _ <i>Toda unha vida</i>		[P. 22]
DECEMBRO		
04	ás 20.30 h _Teatro da Beneficencia	
BAMBALINAS ASESINAS _ <i>Maté a un tipo</i>		[P. 13]
07	ás 20.30 h _Teatro da Beneficencia	
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>Papá querido...</i>		[P. 22]

SANTIAGO DE COMPOSTELA

SETEMBRO		
04 e 05	ás 21.00 h _Sala Santart	
FORMA TEATRO _ <i>Son da corda</i>		[P. 22]
12, 18 e 25	ás 12.00 h / 19 e 26 ás 17.00 h	
17 e 24 ás 20.30 h _Sala Santart _TELÓN PARTIDO <i>Hamletín</i>		[P. 40]
OUTUBRO		
02	ás 17.00 h / 03 ás 12.30 h / 04 ás 11.30 h	
Arteria Noroeste _PIZZICATTO TEATRO Y TÍTERES <i>Unha vida de conto</i>		[P. 48]
08	ás 11.30 h / 09 ás 18.00 h / 10 ás 12.30 h	
Arteria Noroeste _KAMANTE TEATRO <i>iQue viene el lobo!</i>		[P. 41]
09, 10, 16 e 17	ás 21.00 h _Sala Santart	
BRISA TEATRO _ <i>Condena perpetua</i>		[P. 08]
15	ás 21.00 h _Teatro Principal	
TALÍA TEATRO _ <i>Volpone</i>		[P. 36]
17	ás 12.30 h _Arteria Noroeste_DANTHEA TEATRO <i>As aventuras de Polichinela e a galiña negra</i>	[P. 39]
23, 24, 30 e 31	ás 21.00 h	
Sala Santart _TEATRO APARTE _ <i>Caperucita Sola</i>		[P. 07]
NOVIEMBRE		
06, 07, 13 e 14	ás 21.00 h _Sala Santart	
DIAFORA TEATRO _ <i>Salomé</i>		[P. 22]
06 e 07	ás 21.30 h _Sala Nasa	
PISANDO OVOS _ <i>Tres</i>		[P. 50]
07	ás 12.30 h _Arteria Noroeste	
TÍTERES FALCATRÚA _ <i>Albízaras</i>		[P. 38]
20, 21, 27 e 28	ás 21.00 h _Sala Santart	
TELÓN PARTIDO _ <i>Maltrátame</i>		[P. 13]
21 e 22	ás 12.30 h _Arteria Noroeste	
CARAMUXO TEATRO _ <i>Os Bolechas</i>		[P. 41]
DECEMBRO		
07 e 08	ás 21.00 h _Teatro Principal	
PRODUCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS <i>Un cranio furado (a skull in Connemara)</i>		[P. 36]
10 e 11	ás 21.00 h _Teatro Principal	
SARABELA TEATRO _ <i>A esmorga</i>		[P. 06]
18 e 19	ás 21.00 h _Teatro Principal	
TEATRO DO MORCEGO _ <i>A nona</i>		[P. 06]
19	ás 12.30 h _Arteria Noroeste	
A XANELA DO MAXÍN _ <i>Chincha rabincha</i>		[P. 40]
26	ás 12.30 h _Arteria Noroeste	
PINGA TEATRO _ <i>Unha rosa no xardín</i>		[P. 48]

PROVINCIA DE LUGO

BURELA

OUTUBRO		
09	ás 18.00 h _Casa da Cultura	
CARAMUXO TEATRO _ <i>Mensaxe sen botella</i>		[P. 41]
15	ás 21.30 h _Casa da Cultura	
FULANO, MENGANO E CITANO _ <i>Nunca menos</i>		[P. 14]
23	ás 18.00 h _Casa da Cultura	
TIRITITEMPO _ <i>Osofete</i>		[P. 41]

NOVIEMBRE		
19	ás 21.30 h _Casa da Cultura	
RÓBER BODEGAS _ <i>Un condón por si pillo!</i>		[P. 36]

DECEMBRO		
04	ás 18.00 h _Casa da Cultura	
TÍTERES TROMPICALLO _ <i>Violeta Coletas contra as salchichas Gulp!</i>		[P. 48]
10	ás 21.30 h _Casa da Cultura	
A INTERNACIONAL TEATRO _ <i>Frida</i>		[P. 09]

FOZ

OUTUBRO		
02	ás 18.00 h _Sala Bahía	
GHAZAFELHOS _ <i>Frankenstein</i>		[P. 40]
28	ás 20.30 h _Sala Bahía	
EME2 EMOCIÓN&ARTE _ <i>Sexo? Por que non?</i>		[P. 22]

NOVIEMBRE		
06	ás 18.30 h _Sala Bahía	
TALÍA TEATRO _ <i>Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)</i>		[P. 48]
21	ás 18.30 h _Sala Bahía	
JULIA CEA E GRUPO _ <i>Julia Cea e grupo</i>		[P. 50]
25	ás 20.30 h _Sala Bahía	
TEATRO DO ATLÁNTICO _ <i>Afterplay</i>		[P. 07]

DECEMBRO		
04	ás 18.30 h _Sala Bahía	
VIRAVOLTA TÍTERES _ <i>Historia dun soldado</i>		[P. 40]
05	ás 19.00 h _Sala Bahía	
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>Papá querido...</i>		[P. 22]
12	ás 19.00 h _Sala Bahía	
LAMBRIACA TEATRO _ <i>Os Clocló</i>		[P. 15]
26	ás 18.30 h _Sala Bahía	
TEATRO BABALUVA _ <i>Lume</i>		[P. 40]
30	ás 18.30 h _Sala Bahía	
ELEFANTE ELEGANTE TEATRO _ <i>O forno</i>		[P. 15]

LUGO

DECEMBRO		
20	ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire	
O RETRETE DE DORIAN GRAY _ <i>Rúa Aire</i>		[P. 41]
22	ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire	
CARAMUXO TEATRO _ <i>Os Bolechas</i>		[P. 41]
27	ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire	
MATAPIOLLOS TEATRO _ <i>Flis-fli-ris-flás</i>		[P. 40]
29	ás 18.30 h _Auditorio Municipal Gustavo Freire	
GALITON _ <i>Babiliclub</i>		[P. 39]

MONFORTE DE LEMOS

OUTUBRO		
03 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos		
GALITON _ <i>Rosalía, a pulga que escribía</i>	[P. 41]	
17 ás 19.00 h _Edificio Multiúsos		
LAMBRÍACA TEATRO _ <i>Os Clocló</i>	[P. 15]	
31 ás 19.00 h _Edificio Multiúsos		
FULANO, MENGANO E CITANO _ <i>Nunca menos</i>	[P. 14]	
NOVEMBRO		
07 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos		
LA CARRETA TEATRO _ <i>Mowgli - El libro de la selva</i>	[P. 41]	
21 ás 19.00 h _Edificio Multiúsos		
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 15]	
DECEMBRO		
12 ás 19.00 h _Edificio Multiúsos		
BAMBALINAS ASESINAS _ <i>Maté a un tipo</i>	[P. 13]	
19 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos		
VIRAVOLTA TÍTERES _ <i>Historia dun soldado</i>	[P. 40]	
26 ás 18.00 h _Edificio Multiúsos		
BERROBAMBÁN _ <i>Bicharada</i>	[P. 39]	

VIVEIRO

OUTUBRO		
23 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz		
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 15]	
NOVEMBRO		
06 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz		
BAMBALINAS ASESINAS _ <i>Maté a un tipo</i>	[P. 13]	
13 ás 18.00 h _Teatro Pastor Díaz		
ELEFANTE ELEGANTE TEATRO _ <i>O forno</i>	[P. 15]	
27 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz		
TEATRO DO ATLÁNTICO _ <i>Afterplay</i>	[P. 07]	
DECEMBRO		
04 ás 20.30 h _Teatro Pastor Díaz		
CUARTETO VOCAL LA CAMA _ <i>Música da vida</i>	[P. 50]	
11 ás 18.00 h _Teatro Pastor Díaz		
VIRAVOLTA TÍTERES _ <i>Historia dun soldado</i>	[P. 40]	
26 ás 20.00 h _Teatro Pastor Díaz		
TAMARA LORENZO GABEIRAS		
Tamara Lorenzo Gabeiras Piano	[P. 50]	

PROVINCIA DE OURENSE

A RÚA

OUTUBRO		
23 ás 20.30 h _Centro Cultural Avenida		
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>Papá querido...</i>	[P. 22]	
NOVEMBRO		
14 ás 20.30 h _Centro Cultural Avenida		
BAMBALINAS ASESINAS _ <i>Maté a un tipo</i>	[P. 13]	
DECEMBRO		
18 ás 20.30 h _Centro Cultural Avenida		
LAGARTA LAGARTA _ <i>O segredo dos Hoffman</i>	[P. 15]	

O BARCO DE VALDEORRAS

OUTUBRO		
01 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
TEATRO MERIDIONAL _ <i>Miguel Hernández</i>	[P. 14]	
29 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
BERROBAMBÁN _ <i>Pressing Catch</i>	[P. 22]	
NOVEMBRO		
05 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
TEATRO DO ATLÁNTICO _ <i>Memoria de Helena e María</i>	[P. 14]	
19 ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
TIRITITEMPO _ <i>Osofete</i>	[P. 41]	
DECEMBRO		
03 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
EME2 EMOCIÓN&ARTE _ <i>Sexo? Por que non?</i>	[P. 22]	
17 ás 21.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
SARABELA TEATRO _ <i>A esmorga</i>	[P. 06]	
28 ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
TEATRO DO ANDAMIO _ <i>Pingueiras e tarteiras</i>	[P. 41]	
29 ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
TEATRO DO MORCEGO _ <i>Saltimbanquis</i>	[P. 41]	
30 ás 20.00 h _Teatro Municipal Lauro Olmo		
CARAMUXO TEATRO _ <i>Os Bolechas</i>	[P. 41]	

O CARBALLIÑO

OUTUBRO		
09 ás 00.00 h _Auditorio Municipal		
NUT TEATRO _ <i>Wake Up</i>	[P. 37]	
NOVEMBRO		
06 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
RÓBER BODEGAS _ <i>Un condón por si pillo!</i>	[P. 36]	
13 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
BAMBALINAS ASESINAS _ <i>Maté a un tipo</i>	[P. 13]	
20 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
SARABELA TEATRO _ <i>A esmorga</i>	[P. 06]	
27 ás 00.00 h _Auditorio Municipal		
CARAMUXO TEATRO _ <i>Os Bolechas</i>	[P. 41]	
DECEMBRO		
17 ás 17.30 h _Auditorio Municipal		
GHAZAFELHOS _ <i>Frankenstein</i>	[P. 40]	
29 ás 17.30 h _Auditorio Municipal _TÍTERES TROPICALLO		
Violeta Coletas contra as salchichas Gulp!	[P. 48]	

OURENSE

OUTUBRO		
10 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
CARAMUXO TEATRO _ <i>Mensaxe sen botella</i>	[P. 41]	
10 ás 19.00 h _Teatro Principal		
EME2 EMOCIÓN&ARTE _ <i>Sexo? Por que non?</i>	[P. 22]	
15 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
SEXPEARE _ <i>El título de este espectáculo no es Mi Madre</i>	[P. 09]	
17 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
MATAPIOLLOS TEATRO _ <i>Flis-flí-ris-flás</i>	[P. 40]	
24 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
TIRITITEMPO _ <i>Osofete</i>	[P. 41]	
26 ás 20.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO MORCEGO _ <i>A nona</i>	[P. 06]	
27 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
A INTERNACIONAL TEATRO _ <i>Frida</i>	[P. 09]	
30 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
NUT TEATRO _ <i>Wake Up</i>	[P. 37]	
31 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO BABALUVA _ <i>Lume</i>	[P. 40]	
NOVEMBRO		
05 e 06 ás 20.30 h / 07 ás 19.00 h _Teatro Principal		
LAGARTA LAGARTA _ <i>Cásting (a comedia)</i>	[P. 08]	
14 ás 19.00 h _Teatro Principal		
CUARTA PARED _ <i>Siempre fiesta</i>	[P. 22]	
18 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
EXPRESIÓN S PRODUCCIÓN S _ <i>Toda unha vida</i>	[P. 22]	
21 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO MORCEGO _ <i>Saltimbanquis</i>	[P. 41]	
25 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
PRODUCCIÓN S TEATRÁ S EXCÉNTRICAS		
<i>Un cranio furado (a skull in Connemara)</i>	[P. 36]	
28 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
TALÍA TEATRO _ <i>Valentino Rufiní e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)</i>	[P. 48]	
28 ás 21.00 h _Teatro Principal		
LAVI E BEL TEATRO _ <i>Cabaret líquido</i>	[P. 07]	

DECEMBRO		
02 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO NOROESTE _ <i>Historias peregrinas</i>	[P. 12]	
03 e 04 ás 17.00 h _Teatro Principal		
SARABELA TEATRO _ <i>Konrad ou o neno que saíu dunha lata de conservas</i>	[P. 40]	
05 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
ARTESTUDIO TEATRO _ <i>Contos no ar</i>	[P. 40]	
05 ás 19.00 h _Teatro Principal		
TEATRO MERIDIONAL _ <i>Miguel Hernández</i>	[P. 14]	
10 ás 20.30 h _Auditorio Municipal		
TEATRO CHE Y MOCHE _ <i>Los músicos del Titánic</i>	[P. 13]	
11 ás 20.30 h / 12 ás 19.00 h _Teatro Principal		
TEATRO DO ATLÁNTICO _ <i>Memoria de Helena e María</i>	[P. 14]	
12 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
ARACALADANZA _ <i>Pequeños paraísos</i>	[P. 49]	
19 ás 12.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DEL ANDAMIO _ <i>Pingueiras e tarteiras</i>	[P. 41]	
23 ás 17.00 h _Auditorio Municipal		
TANXARINA TÍTERES _ <i>Ah, ah, ah, estamos monstros de risa</i>	[P. 38]	
26 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO PARAÍSO SAL _ <i>El flautista mágico</i>	[P. 40]	
27 ás 17.00 h _Teatro Principal		
ELEFANTE ELEGANTE TEATRO _ <i>O forno</i>	[P. 15]	
28 ás 12.00 e 17.00 h/ 29 ás 12.00 h		
Auditorio Municipal _ EL TEATRE DE L'HOME DIBUIXAT		
<i>Una odisea de bolsillo</i>	[P. 46]	
28 ás 17.00 h _Teatro Principal		
GALITOON _ <i>Rosalía, a pulga que escribía</i>	[P. 41]	
29 ás 17.00 h _Teatro Principal		
LA CARRETA TEATRO _ <i>Mowgli - El libro de la selva</i>	[P. 41]	

RIBADAVIA

SETEMBRO		
10 ás 20.00 h _Casa da Cultura		
ARTESTUDIO TEATRO _ <i>Contos no ar</i>	[P. 40]	
OUTUBRO		
30 ás 20.00 h _Casa da Cultura		
GHAZAFELHOS _ <i>Frankenstein</i>	[P. 40]	
DECEMBRO		
18 ás 20.00 h _Casa da Cultura		
TEATRO BABALUVA _ <i>Lume</i>	[P. 40]	

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

A ESTRADA

OUTUBRO	
09 e 10 ás 21.00 h _Teatro Principal	
MALASOMBRA _Go On!!	[P. 12]
16 ás 21.00 h _Teatro Principal	
ABADA TEATRO _Só	[P. 22]
29 ás 21.00 h _Teatro Principal	
BAMBALINAS ASESINAS _Maté a un tipo	[P. 13]

CAMBADOS

OUTUBRO	
31 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude	
LAGARTA LAGARTA _O segredo dos Hoffman	[P. 15]
NOVEMBRO	
07 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude	
ELEFANTE ELEGANTE TEATRO _O forno	[P. 15]
14 ás 19.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude	
EXPRESIÓNS PRODUCCIÓNS _Toda unha vida	[P. 22]
21 ás 18.00 h _Auditorio Municipal da Xuventude	
TEATRO DEL ANDAMIO _Papá querido...	[P. 22]

GONDOMAR

NOVEMBRO	
06 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
FULANO, MENGANO E CITANO _Nunca menos	[P. 14]
13 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
EXPRESIÓNS PRODUCCIÓNS _Toda unha vida	[P. 22]
19 ás 22.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
ABADA TEATRO _Só	[P. 22]
20 ás 20.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
EXPRESIÓNS PRODUCCIÓNS _Trío de ases	[P. 49]
27 ás 20.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
MAGO XACOBÉ SANZ _Ilusións máxicas 2010	[P. 48]

DECEMBRO	
11 ás 20.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
CAYETANO LLEDÓ _Máxico Circus Cabaret: o cabaret dos números descartados	[P. 48]
18 ás 20.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
CHRYSTYAN MAGIC _A maxia do Nadal	[P. 48]
27 ás 18.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
TEATRO BABALUVA _Lume	[P. 40]
28 ás 18.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
TIRITITEMPO _Osofete	[P. 41]
29 ás 18.00 h _Auditorio Municipal Lois Tobío	
TANXARINA TÍTERES _Ah, ah, ah, estamos monstros de risa	[P. 38]

LALÍN

NOVEMBRO	
12 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro	
MALASOMBRA _Go On!!	[P. 12]
26 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro	
LAGARTA LAGARTA _Cásting (a comedia)	[P. 08]
DECEMBRO	
10 ás 21.30 h _Novo Salón Teatro	
TEATRO DEL ANDAMIO _Papá querido...	[P. 22]

PONTEVEDRA

OUTUBRO	
15 ás 11.30 e 21.00 h _Teatro Principal	
ESPELLO CÔNCAVO _Limpeza de sangue	[P. 12]
22 ás 11.30 h _Auditorio M. Pazo da Cultura	
EME2 EMOCIÓN&ARTE _Sexo? Por que non?	[P. 22]
NOVEMBRO	
05 ás 21.00 h _Auditorio M. Pazo da Cultura	
QUIQUE PEÓN, CÍA. _Ovay	[P. 49]
11 ás 10.00, 12.00 e 21.00 h _Teatro Principal	
TALÍA TEATRO _Volpone	[P. 36]
26 ás 11.30 e 21.00 h _Auditorio M. Pazo da Cultura	
TEATRO DO NOROESTE _Historias peregrinas	[P. 12]
DECEMBRO	
02 ás 11.30 e 21.00 h _Auditorio M. Pazo da Cultura	
SEXPEARE _El título de este espectáculo no es Mi Madre	[P. 09]
09 ás 21.00 h _Teatro Principal	
TEATRO CHE Y MOCHE _Los músicos del Titánic	[P. 13]

REDONDELA

OUTUBRO	
08 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira	
LULAVAI _Lulavai - CorDasVerbas	[P. 50]
15 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira	
ENCANTADOS CANTANTES DE MÚSICA LÍRICA	
Encantando con el lírico	[P. 50]
22 ás 20.30 h _Multiúsos da Xunqueira	
VIRAVOLTA TÍTERES _Historia dun soldado	[P. 40]
DECEMBRO	
28 ás 18.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
SARABELA TEATRO _Konrad ou o neno que saíu dunha lata de conservas	[P. 40]
29 ás 18.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
MATAPIOLLOS TEATRO _Flis-flí-ris-flás	[P. 40]
30 ás 18.00 h _Multiúsos da Xunqueira	
BERROBAMBÁN _Bicharada	[P. 39]

SANXENXO

SETEMBRO	
25 ás 22.00 h _Pazo Emilia Pardo Bazán	
RÓBER BODEGAS _Un condón por sí pillo!	[P. 36]
OUTUBRO	
23 ás 22.00 h _Pazo Emilia Pardo Bazán	
TEATRO DO ATLÁNTICO _Afterplay	[P. 07]
13 ás 21.30 h _Pazo Emilia Pardo Bazán	
LAGARTA LAGARTA _O segredo dos Hoffman	[P. 15]

TUI

OUTUBRO	
01 ás 21.30 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica	
RÓBER BODEGAS _Un condón por sí pillo!	[P. 36]
08 ás 18.00 e 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica	
GALITOON _Rosalía, a pulga que escribía	[P. 41]
15 ás 21.30 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica	
SARABELA TEATRO _A esmorga	[P. 06]
22 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica	
TANXARINA TÍTERES _Ah, ah, ah, estamos monstros de risa	[P. 38]
NOVEMBRO	
05 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica	
ARACALADANZA _Pequeños paraísos	[P. 49]
12 ás 21.30 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica	
LAGARTA LAGARTA _O segredo dos Hoffman	[P. 15]
19 ás 20.00 h _Teatro Municipal - Edificio Área Panorámica	
BERROBAMBÁN _Bicharada	[P. 39]

VIGO

OUTUBRO		
01 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
SEXPEARE _El título de este espectáculo no es Mi Madre	[P. 09]	
01 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
BERROBAMBÁN _Pressing Catch	[P. 22]	
03 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO PARAÍSO SAL _El flautista mágico	[P. 40]	
08 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
MALASOMBRA _Go On!!	[P. 12]	
10 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
CHRYSTYAN MAGIC _Atrapado na torre	[P. 48]	
15 ás .30 h _Centro Cultural Caixanova		
LAGARTA LAGARTA _Cásting (a comedia)	[P. 08]	
15 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
RÓBER BODEGAS _Un condón por sí pillo!	[P. 36]	
17 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
TÍTERES TROMPICALLO _Violeta Coletas contra as salchichas Gulp!	[P. 48]	
22 e 23 ás 22.00 h / 24 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
CAMBALEO TEATRO _Entre los paisajes. Proyecto Van Gogh 20 años después	[P. 09]	
22 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS _Un cranio Furado (a skull in Connemara)	[P. 36]	
24 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
ROMÁN GARCÍA _Nanomaxias	[P. 49]	
29 e 30 ás 22.00 h / 31 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
FERNANDO RENJIFO _El lugar y la palabra	[P. 08]	
29 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
ANCORA PRODUCCIÓN _Pisados ou Botamán de Melide, o home que falaba cos zapatos –Logomonos–	[P. 22]	
NOVEMBRO		
05 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
BAMBALINAS ASESINAS _Maté a un tipo	[P. 13]	
06 e 07 ás 18.30 h _Teatro Arte Livre		
TELÓN PARTIDO _Hamletín	[P. 40]	
06 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
ABADA TEATRO _Só	[P. 22]	
07 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
GALITON _Rosalía, a pulga que escribía	[P. 41]	
12 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
EME2 EMOCIÓN&ARTE _Sexo? Por que non?	[P. 22]	
14 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
CAYETANO LLEDÓ _Máxico Circus Cabaret: o cabaret dos números descartados	[P. 48]	

DECEMBRO		
03 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
TEATRO DO ATLÁNTICO _Memoria de Helena e María	[P. 14]	
03 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
TALÍA TEATRO _Volpone	[P. 36]	
05 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
TALÍA TEATRO _Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)	[P. 48]	
10 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
ELEFANTE ELEGANTE TEATRO _O forno	[P. 15]	
12 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
JAVIER MURO - EVENTOS MÁGICOS TEATRO As aventuras de Paquito Llons	[P. 48]	
17 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
TEATRO DO ATLÁNTICO _Afterplay	[P. 07]	
17 e 18 ás 22.00 h / 19 ás 21.00 h _Teatro Ensalle		
CÍA. ARRAIANA-ESTELA LLOVES _Knochenblume (flordehueso)	[P. 49]	
17 ás 20.30 h _Centro Cultural Caixanova		
TEATRO DO MORCEGO _Os vellos non deben de namorarse	[P. 22]	
19 ás 18.00 h _Auditorio Municipal		
O RETRETE DE DORIAN GRAY _Rúa Aire	[P. 41]	

VILAGARCÍA DE AROUSA

NOVEMBRO		
05 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
SARABELA TEATRO _A esmorga	[P. 06]	
12 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
BAMBALINAS ASESINAS _Maté a un tipo	[P. 13]	
19 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
LAGARTA LAGARTA _O segredo dos Hoffman	[P. 15]	
26 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
ESPELLO CÓNCAVO _Limpeza de sangue	[P. 12]	

DECEMBRO		
03 ás 21.00 h _Auditorio Municipal		
EXPRESIÓN PRODUCCIÓN _Toda unha vida	[P. 22]	

Teatro galego: o lugar do real

Fran Pérez Lorenzo

Poida que un teatro, as táboas dun escenario, sexan hoxe en día o derradeiro reduito das expresións non virtuais. Estámolo a ver. A xente, o público —enleado como anda en redes sociais, relacións intanxibles e vizosos hiperespazos— aínda non desistiu na procura do real, porque o real evoca a autenticidade que se lle supón á experiencia humana, aquela que ten lugar fóra dos soños e das pantallas retroiluminadas dun ordenador ou dunha PDA. Tampouco hai que pensar que a virtualidade sexa un demérito nin un estado carencial. A virtualidade é un refuxio, unha prolongación dos nosos sentidos, unha nova dimensión global. E a Internet que hoxe coñecemos cifra a transición veloz a ese momento, non moi afastado, no que de maneira inconsciente confundiremos os extremos da nosa percepción. Mentres iso non aconteza será de xustiza recoñecer o prestixio que a realidade mantén aínda entre nós.

Nos portais de contactos os usuarios anotan: *Busco real* ou *Só encontros no mundo real*, porque paradoxalmente o que chamamos mundo real é, a cada volta, unha categoría máis inasible e *rara*. Xa case todo acontece no éter, nos buscadores, nas caixas de correo electrónico, a través dunha webcam. Os formatos dixitais (ebooks, vídeos, descargas musicais...) son os que tecen o presente das industrias culturais, por máis que gobernos e empresarios non queiran recoñecer que todo está a mudar e que a tecnoloxía acabou con certos modelos de negocio, convertendo en suxeitos actantes todos os cidadáns/usuarios que contan cunha idea e cunha conexión á rede.

Neste contexto, o teatro representa, ao meu ver, o epítome do real, unha sorte de consagración da realidade que, pasados os séculos, aínda mantén intacta a súa aura de maxia. O espectador, no teatro, asiste ao parto da realidade. E faíno, si, *en tempo real*. Está alí, presente, cando ela nace, axudada polos actores, polo texto, polos iluminadores, polo escenógrafo... Asiste ao parto e asiste o parto. O público, deste lado da cuarta parede, é o que dota de sentido unha cerimonia iniciática que todas as noites, función tras

función, se oficia en escenarios como o do Salón Teatro ou os da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Seducir o público, diversificalo, conseguir que atravesese os, por veces, impermeables muros da sala e conducilo ao lugar que lle pertence, o da escuridade onde ten lugar esa consagración do real, é o reto perpetuo dos xestores e programadores.

Así, a sede do Centro Dramático Galego inicia esta temporada unha nova etapa da man de Blanca Cendán, que deberá continuar o labor iniciado pola anterior responsable do CDG, Cristina Domínguez, artífice dunha importante recuperación dese activo fundamental para calquera aventura escénica que é o público.

Semella que ese público continuará a ser tamén a principal preocupación desta xeira da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas, á vista dunha programación que conxuga a música coa maxia, a danza (quinze espectáculos, entre eles *Tulipanes*, de David Loira) e o teatro, cunha especial atención ao teatro infantil. Montaxes como *Babiliglub*, ou *Rosalía, a pulga que escribía*, de Galitoo; *Bicharada*, de Berrobambán Teatro; *Flis-Fli-Ris-Flas*, de Matapiollos Teatro (un texto de Araceli Gonda, dirixido por Jorge Coira); *Konrad ou o neno que saíu dunha lata de conservas* (sobre un texto de Kristine Nöstingler, con dirección de Ánxeles Cuña); *Mensaxe sen botella*, de Caramuxo Teatro (baixo a dirección da premiada Olga Margallo); o musical *Saltimbanquis*, de Teatro do Morcego, dirixido por Celso Parada; ou *Violeta coletas contra as salchichas Gulp*, de Títeres Trompicallo, falan desa necesidade de fidelizar espectadores e atraelos desde cativos á realidade escénica.

As montaxes para público adulto —con importante presenza da comedia e das propostas musicais— exportan a mesma vontade sedutora. Fican aí, entre moitos outros, *O segredo dos Hoffman* e *Cásting* (A comedia), de Lagarga Lagarta; *SÓ*, de Abada Teatro/Carlos Blanco, *Un cranio furado* (A skull in Conemara), a atractiva e inclasificable

“ O espectador, no teatro, asiste ao parto da realidade. E faíno, si, *en tempo real*. Está alí, presente, cando ela nace, axudada polos actores, polo texto, polos iluminadores, polo escenógrafo... Asiste ao parto e asiste o parto

aventura de Producións Teatráis Excéntricas, dirixida por Quico Cadaval; *Volpone*, de Talía Teatro; as revisións de clásicos como *Os vello non deben de namorarse*, de Castelao, por Teatro do Morcego, e *A esmorga*, de Blanco Amor, por Sarabela Teatro; *O forno*, comedia dell'arte da man de Elefante Elegante Teatro; *Limpeza de sangue*, a posta en escena do brillante texto de Rubén Ruibal por Espello Cóncavo; o percorrido pola memoria do exilio de Teatro do Atlántico en *Memoria de Helena e María*; o sentido do humor das *Historias peregrinas*, sobre un texto de Miguel Anxo Murado, con Teatro do Noroeste; o monólogo humorístico de impacto directo *Un condón por si pillo!*, de Róber Bodegas; e outras achegas, máis vencelladas ao cabaré e ao teatro musical, como *Los músicos del Titánic*, de Teatro de Che y Moche, ou *Cabaret líquido*, de Lavi e Bel Teatro. Todas elas, ata un total de corenta espectáculos, debuxan a vontade de converter os nosos escenarios nese instrumento preciso que logre que o teatro galego recupere o seu público e, polo mesmo, todo aquilo que lle permite ser real, un inesgotable manancial de realidade.

SAPRISTI

Por que o meniño se coce na polenta?

TEATRO

“Estou medrando ao revés”

Unha vida de circo para o teatro

Nuria Sanz “deixa caer a súa pel ao chan” e “medra ao revés” ao interpretar a Aglaja Veteranyi en *Por que o meniño se coce na polenta?* Imaxes demoledoras que deixan o espectador sen alento son o paradigma desta obra que mestura música en vivo, vodevil, *clown*, realismo, circo, cabaré e comedia xestual para recrear no escenario a novela homónima e autobiográfica da escritora romanesa. Todo un desafío que Sapristi Teatro materializa grazas á tradución de Quico Cadaval e á dirección de Roberto Leal.

“Tes medo? Mete o corazón na boca e sorrí”. Frases como estas repártense a coite-

ladas na obra que Sapristi Teatro leva a escena en coprodución co Centro Dramático Galego a partir do diario vital da escritora Aglaja Veteranyi. Este traballo traslada por primeira vez a actriz Nuria Sanz ao escenario dun drama como protagonista principal, acompañada polo universo sonoro de Ignacio Sanz.

A elección do texto de Veteranyi non é casual. O director da obra coñeceu a escritora romanesa cando veu presentar a Compostela a súa novela autobiográfica *Por que o meniño se coce na polenta?* “Ela contoume que viaxara moito e que o seu pai era o pallaso Tandarica, que vi-


viu moito tempo en Arxentina, e deume unha tarxeta dela na que puxo: A que ole Deus?”, lembra Roberto Leal. “Aos dous anos recibimos novas de que se suicidara en Suíza; entrara nun pozo depresivo moi grande, íalle todo moi ben a nivel profesional, sentimental... pero evidentemente a súa historia pasáralle algún tipo de factura”, explica o director da obra, quen desde entón quixo levala a escena.

O medo, a inocencia, o amor, o desamor, a saudade, a morte, o sexo, a relixión, a inmigración son algúns dos temas universais que se reflicten nesta obra, que conta a verdadeira historia de Aglaja. Filla dun

gran pallaso e dunha das poucas mulleres acróbatas que se colgaba dos seus cabelos, viviu coa casa ás costas, de cidade en cidade, rodeada de dúbidas, explotación, abusos e malos tratos, pero sobre todo de soidade. E para esquecer esta realidade lembraba unha e outra vez un conto tradicional romanés que relata a historia dun pequeno que, agochado no saco da polenta, un cereal que se emprega para facer un prato tradicional, era botado á pota a cocer.

“Cando coñecín a Nuria, souben que quería facer este texto con esa actriz. Expúxenlle o proxecto e encantoulle”,





“A que cheirará Deus?”

*“Se tes medo, mete
o corazón na boca
e sorri”*

comenta Roberto Leal, quen subliña que este papel “é un bombón para calquera actriz á que se lle propoña”. Para Nuria Sanz, actriz de Saprísti e cunha dilatada experiencia no teatro e na televisión xunto a J. L. Campanari, Chévere, Quico Cadaval, Jorge Coira, Alber Ponte ou Ricardo Llovo, aceptar este personaxe supuxo “unha aposta arriscadísima”. Por primeira vez traballa soa nun drama: “Afeita a facer comedia, é un salto ao baleiro total e absoluto, sen rede”, explica. Nesta ocasión tócalle dar vida a un personaxe moi profundo, intenso, dos que non deixan indiferente a ninguén. Para ela, o máis difícil foi “o punto de non entrar no drama visceral”, tendo en conta a complexa e dura

historia que se relata en *Por que o meniño se coce na polenta?*”.

O personaxe de Nuria Sanz medra, madura e ata se reconverte en cada escena. Comeza como a propia actriz para percorrer a existencia de Aglaja como nena, moza e adulta ata se transformar na acróbata da súa nai ou no pallaso e bandoleiro do seu pai. Un complexo proceso de interpretación que a protagonista sufriu durante os ensaios: “Chegaba un momento en que me preguntaba quen son; a nai, o pai, a irmá, a filla. Non sei quen son? A actriz”.

E tamén por primeira vez, Nuria Sanz está baixo as ordes de Roberto Leal, un director e actor con máis de 30 anos de traxecto-

ria traballando con Matarile Teatro, Teatro Galileo, CDG, María A Parva ou Factoría Teatro, así como na televisión e na docencia. “Eu tiña moitas ganas de traballar con el”, manifesta a actriz, quen cualifica o seu traballo nesta obra como “todo un reto e unha experiencia” que lle permite sentir “ese silencio e esa emoción da xente que está vendo un drama”.

Paisaxe sonora

Completa o elenco actoral Ignacio Sanz coa súa paisaxe sonora. Omnipresente no teatro a través da súa figura, dos seus sons e dos seus instrumentos, é capaz de recrear o ambiente da obra converténdose

nun actor máis. “Penso que el é o 50 por cento, e para min é un apoio enorme”, explica a protagonista. Unha afirmación que comparte o director: “Foi unha axuda para todos e sobre todo para Nuria, para que non se sentise soa en escena, nun espazo mínimo sobre ese chan orgánico e eses tres sofás... que facían que Nacho encaixase á perfección”.

Para trasladar o espectador aos distintos tempos e espazos vitais de Aglaja, o compositor apostou por combinar os sons gravados co directo, empregando instrumentos convencionais e outros xurdidos da súa propia imaxinación e da reciclaxe. A marimba, a caixa, o bombo e os pratos de

*“Se imaxino como o meniño se coce na polenta
e o que ten que doer iso,
non penso no tempo todo en
que miña nai pode caer no baleiro”*

“Medrei moi amodo”



“O tempo ten frío”

choque recrean o mundo circense, e mézclanse con ritmos innovadores creados a partir de tarros de marmelada afinados con auga, botes de latón, sachos, un xogo de paellas afinadas ou o *ocean sound*, un aparello de fabricación propia. Ignacio Sanz, percusionista formado xunto a J. Guillem, She-e-wu ou E. Muñoz, colaborador da Orquestra Sinfónica de Galicia e da Orquestra de Cámara Galega e actor e compositor nas compañías Trompicallo e Cachirulo, “consegue crear un universo impresionante a partir de todos os elementos que emprega”, explica Leal.

Facer visible o circo, os malabares, as acrobacias ou a fragilidade vital da propia

protagonista é posible grazas ás achegas á danza contemporánea realizadas por Daniel Abreu. Como apoio á dramaturxia nesta obra, Abreu trasladouse desde Madrid para colaborar co equipo Sapristi. “El estivo traballando certas partes do movemento”, comenta Nuria Sanz. “Tampouco pretendiamos que eu fixese baile, pero si viamos preciso matizar coa danza algúns momentos”, engade.

O espazo escénico e o vestiario son claves nesta produción, que se estreou no Salón Teatro o pasado xuño e na que a actriz e os seus múltiples personaxes aparecen e reaparecen sobre unha mesma escenografía. Un traballo complexo que desenvolveu


Marta Pazos, actriz, directora e artista plástica. A representativa elección do vestiario, xunto cun espazo escénico evocador erixido sobre un chan orgánico de millo, axúdanlle ao espectador a revivir o periplo vital de Aglaja Veteranyi.

Por que o meniño se coce na polenta? conta ademais con Gustavo Dieste como axudante de dirección e co mestre Baltasar Patiño. “El di que non pode facer que as cousas sexan mellores pero creo que si o fai”, reivindica o director sobre o traballo do iluminador e escenógrafo.

“E, despois de eu morrer, apagarán as luces e resucitarei”

“Sen patria, pero cunha chea de dúbidas agardando na caravana”

“Deixo caer a miña pel ao chan”





UN CONDÓN POR SI PILLO!

Róber Bodegas

Autor: Róber Bodegas / Elenco: Róber Bodegas
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Unha historia con forma de monólogo na que Róber lembra a chegada do seu despertar sexual, e como, grazas á intervención de personaxes tan dispares como Lorena Berdún, John Lennon ou Bruce Lee, conseguiu dar o paso de neno a home. Unha reflexión sobre os traumas adolescentes e inseguridades propias do momento.



UN CRANIO FURADO
(A SKULL IN CONNEMARA)

Produccións Teatráis Excéntricas

Autoría: Martín Mc Donagh / Dirección: Quico Cadaval
Elenco: Dorotea Bárcena, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira, Santi Romai / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Os feitos acontecen nun país de chan acedo e alta pluviosidade. Podía ser Connemara como podía ser Bergantiños. No cemiterio arredor dunha cova aberta convócase toda a curiosidade e a malicia dos sobreviventes. O enterrador local, Mick, ten que trasladar os restos da súa esposa, morta sete anos atrás de accidente de tráfico. Mais hai moitos que pensan que non foi un accidente. Non é unha peza de terror, non é un policial inglés, non é unha serie de TV de forenses, non é unha festa dos defuntos... mais ten un pouco de todo.

+ info. en: www.excentricas.net



VOLPONE

Talía Teatro

Autoría: Ben Jonson / Dirección: Roberto Salgueiro
Elenco: Artur Trillo, Toño Casais, María Ordóñez, Dani Trillo, Marta Ríos, Diego Rey, Gustavo G. Dieste, David Creus e Rubén Prieto / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Unha divertida comedia que retrata satiricamente nobres e non tan nobres señores, que teñen como principal interese reunir fortunas sen importar o ridículo que teñan que facer nin o custo que outros teñan que pagar. O señor Volpone é un nobre, dono de abundantes riquezas, que finxe estar no seu leito de morte co fin de enganar os que desexan herdar a súa fortuna, ofrecéndolles a través do seu criado, o astuto Mosca, ser os seus únicos herdeiros.

+ info. en: www.taliateatro.es

Javier Martín coquetea cos seus límites



Javier Martín é un artista aínda novo, pero cunha traxectoria sólida. Desde o Teatro Galán saltou da física cuántica á danza contemporánea, para iniciar en 2004 a súa investigación sobre o movemento. En sete anos estreou 14 pezas de maior ou menor duración: sempre só na creación e a danza, acompañado algunha vez de música en directo ou proxeccións audiovisuais, que agora descarta para falar corpo a corpo co público. “No día a día xa consumimos demasiada información por pantallas”, di.

Cada unha das súas pezas estreadas é unha estación nun proceso de investigación máis amplo. “A investigación é un todo, e cada espectáculo permíteme centrarme en determinado aspecto dese todo”. En ...*Tabú resorte... (tabú revuelta)* os focos apuntan aos “tabús sociais e individuais relacionados coa sensualidade e os cambios ou a morte, a imposibilidade de amar e a imposibilidade de desexar”. A morte, “o maior límite dun mesmo”, é o centro da peza. “Vivir consciente da morte convértese en algo construtivo”, explica

“INTERÉSAME A PARTE MÁIS INCONSCIENTE DO MOVERSE COTIÁN, OS TICS, A FLUIDEZ E POR QUE SE ENCISTAN”. DESDE A IMPROVISACIÓN COMO TÉCNICA E O SEU CORPO COMO MATERIAL DE TRABALLO, JAVIER MARTÍN INVESTIGA ARREDOR DO QUE NOS UNE: O MOVEMENTO, NON COMO EXPRESIÓN DO CORPO, SENÓN “DUN ESTADO MÁIS PROFUNDO QUE TODOS COMPARTIMOS E QUE SE CHAMA ALMA”. ESA É A RAZÓN POLA QUE NAS SÚAS PEZAS NON EMPREGA COREOGRAFÍAS. O CREADOR CORUÑÉS SITÚA A SÚA OBRA NESE ARRISCADO TERRITORIO NO QUE AS COUSAS NON SE COMPRENDEN, SENÓN QUE SE SENTEN. UNHA APELACIÓN EMOCIONAL AO PÚBLICO QUE SE PERCIBE NA SÚA ÚLTIMA PEZA, ...*TABÚ RESORTE...* (*TABÚ REVUELTA*), E NO QUE SERÁ O SEU PRÓXIMO ESPECTÁCULO, QUE SE ESTREARÁ ESTE OUTONO: *EL ESTADO CRUDO* (*AÑO CERO*).



Martín. Para iso ponse a proba “dunha maneira sensual”, que lle permite reencontrarse consigo mesmo. “Coquetear cos nosos propios límites centra”, sentencia. Na súa forma de entender o proceso creativo, dálles unha volta vitalista ás reflexións sobre o home de sensibilidade absurda do que falou Albert Camus no seu ensaio *O mito de Sísifo*: “É interesante chegar a ese abismo, pero del podes saír fortalecido, quitando cargas de enriba”.



WAKE UP

Nut Teatro

Autoría: Nut Teatro / Dirección: Carlos Neira
Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Iria Sobrado, Arantza Villar / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

A partir do concepto “casa” Nut Teatro achégase a temas como a raíz, a identidade (cara), así como aos seus antónimos conceptuais: desenraizamento, perda da dignidade e posterior animalización (máscara). *Wake up* é unha cazaría que dura uns poucos minutos... os suficientes para xulgar ao individuo, animalízalo arrincándolle a dignidade e metelo nunha gaiola de ouro para autocompracerse.
+ info. en: www.nutteatro.es



A ÁRBORE DA VIDA

Talytakumy

Autoría: Talytakumy / Dirección: Talytakumy
Elenco: Joshua Mc Carey e Paulina Funes / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Unha simpática nena que sempre visita a súa amiga incondicional: unha árbore. Entre elas hai unha actividade indestrutible, pero o tempo, coma sempre, cambia as cousas e, lamentablemente, a nena tamén; agora medrou e deixa de visitar a súa antiga amiga, mais a árbore non cambia, espera a súa amiga a nena e ensínanos que nin o tempo nin as circunstancias da vida cambian as amizades verdadeiras.
+ info. en: www.talytakumy.com



A PEQUENA LÚA

A Xanela do Maxín

Autora: Celtia Figueiras / Dirección: Luis Vallecillo
Elenco: Celtia Figueiras / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Unha proposta chea de tenrura e amor, na que os nosos protagonistas, uns pequenos gatos, descubrirán que con comprensión, esforzo e moita ilusión se pode superar calquera dificultade.
+info. en: www.axaneladomaxin.com



AH, AH, AH, ESTAMOS MONSTROS DE RISA
Tanxarina Títeres

Autoría: Luis Cuntín, Cándido Pazó / Dirección: Cándido Pazó / Elenco: Eduardo Rodríguez, Miguel Borines e Andrés Giráldez / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Aproveitando a ausencia do profesor Frankenstein, Igor, o seu axudante, decide montar unha barraca de feiras co monstro que o seu amo estuda no laboratorio: Drácula. O regreso inesperado do profesor transforma o espectáculo creado por Igor nun ir e vir de situacións cómicas en que se mostran as personalidades destes dous entrañables personaxes, acompañados polas extraordinarias criaturas obxecto de estudo do profesor, que amorarán ao longo da representación as súas increíbles habilidades.

+ info. en: www.tanxarina.es



ALBÍZARAS
Títeres Falcatrúa

Autoría: Esteban Losada Castro / Elenco: Esteban Losada Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Ao alzarse o pano, o manipulador de marionetas é pillado polo público coas mans na masa... Masa de papel, claro! Pois o marionetista aínda está a construír os monicreques cos que representar a obra. O despistado comediante, contrariado, pregunta a hora ao decatarse do seu atraso e pide a colaboración do público. Grazas á axuda de tres voluntarios, en só un par de minutos Rígoberito está en condicións de comezar a función. Ou iso cre el.

+ info. en: www.titeresfalcatrúa.com



AQUÍ CANTO YO
Músicos y Titiriteros

Autoría: Fernando Kiguel / Dirección: Luz Amparo Elenco: Javier Esteve, Luz Amparo / Xénero: Teatro infantil/Musical

Cancións e xogos á hora da sesta. Un *show* musical participativo para toda a familia. Recompilación de actividades e xogos infantís con música en vivo.



Tabú... estreouse en abril de 2009 no Teatro Colón da Coruña, con máis de 400 persoas nas butacas. Como responde o público a un espectáculo que carga todo o peso sobre a improvisación? “Teño asegurada certa universalidade por estar no límite da inconsciencia do movemento: é algo que todos compartimos e, se un se implica nesas emocións, sensacións e ideas, a xente pode conectar con iso”. O de Javier Martín non é o único traballo de improvisación nesta peza. Octavio Más, gañador dun premio María Casares






polo seu traballo como iluminador, sobe neste espectáculo un novo chanzo na súa traxectoria. Más improvisa coa luz, constrúe en directo e axuda a construír novos significados para os movementos de Martín. Un xogo de improvisacións que se inflúen mutuamente, moitas veces de forma imprevisible. Movemento e luz, xunto ás esculturas de Luis Usón e o vestiario de La Canalla, contribúen a que desborden as sensacións: “Preparamos o contexto para xerar un movemento de danza que dea información que poidamos descubrir

xuntos os espectadores e mais nós”, reflexiona Javier Martín.

Na súa última montaxe achégase ao maior dos tabús: a morte. O seu próximo espectáculo, aínda en preparación, é unha aproximación ao odio e á violencia, e sobre todo a esa forma especial de relación humana chamada inimizade. “Interésame a necesidade que temos todos de ter inimigos. É unha relación moi íntima, e quero analizar que di de alguén ese vínculo de antipatía que constrúe, por que consome

esa enerxía na inimizade”. Co título de *El estado crudo (año cero)*, estrearse no Teatro Colón da Coruña o 24 de outubro, e de novo contará con Octavio Más na iluminación e La Canalla no vestiario. E, unha vez máis, Javier Martín afrontará a danza só. “A idea de soidade interésame moito, resulta moi estimulante mostrar un individuo que se enfronta só ás súas batallas”, argumenta Javier Martín, que aclara: “En calquera caso, nos espectáculos intento despersonalizarme e converterme noutras persoas e noutras cousas”.




AS AVENTURAS DE POLICHINELA E A GALIÑA NEGRA

Danthea Teatro

Autoría: Carlos Clemente, Begoña Rosende Vázquez
Dirección: Carlos Clemente / Elenco: Begonha Rosende, Carlos Clemente, Roberto Vilarinho / Xénero: Teatro infantil/Monireques

Polichinela e Pierrot son dous amigos de trasnadas que deciden entrar na casa do bruxo para apropiarse da pota máxica, crendo que esta converte as cousas en ouro. Unha vez dentro, atópanse cunha galiña negra que lles vai cambiar a sorte; o problema é que non sabemos se a sorte é boa ou mala... Non deberíamos tentar a sorte, pois esta é caprichosa e un sortilexio pode converternos no que realmente somos e non queremos ser.



BABILIGLUB

Galitooon

Autoría: Andrea Bayer / Dirección: Andrea Bayer e Santiago Alonso / Elenco: Santiago Alonso, Rogelio Lema, Xurxo Cortázar / Xénero: Teatro infantil/Monireques

A tranquilidade, a calma e a normalidade do fondo do mar veranse interrompidas por un pequeno peixe e a súa peculiar forma de falar, diferente á de todos os peixes. O noso pequeno amigo intentará integrarse na vida cotiá das profundidades do mar, pero o que vai obter é o rexeitamento de todos; ben, de todos non: a pequena estrela imitará en todo o noso amigo. Xuntos vivirán divertidas e temerosas aventuras procurando ser aceptados polo resto.

+ info. en: www.galitooon.com




BICHARADA

Berrobambán Teatro

Autoría: Chiquí Pereira / Dirección: Evaristo Calvo
Elenco: Paula Carballeira, Chiquí Pereira, Anabell Gago e Patricia de Lorenzo (voz en off) / Xénero: Teatro infantil/Outros

Unha araña e unha formiga viven tranquilas na paz do seu recuncho. Ata que un día aparece un animal misterioso... Un escaravello! Desde a primeira luz, o público –nenas e nenos, grandes e pequenos– entra no mundo de *Bicharada*, gozando e sentindo unha historia tan máxica como simple, tan sincera como divertida, tan imaxinaria como real.

+info. en: www.berrobamban.com



BUSCANDO A ILLA DO TESOIRO
Titirítempo

Autoría: Mario Tomás López / Dirección: Luís D
Elenco: Mario Tomás López / Xénero: Teatro infantil/
Monicreques

Camiñando, camiñando, Marionetto atopa un amigo (un papagaio algo tolo) que lle fala dun tesouro escondido por uns piratas nunha illa máis aló das Cíes. O barco, a illa, o cofre do tesouro, son os elementos centrais desta obra inspirada na famosa novela de Stevenson, e que fai voar a imaxinación ata atopar o tesouro que resulta non ser exactamente como se esperaba.



CHINCHA RABINCHA
A Xanela do Maxín

Autora: Celtia Figueiras / Dirección: Luis Vallecillo
Elenco: Celtia Figueiras / Xénero: Teatro infantil/
Monicreques

Nesta obra veremos como se entrelazan as vidas dun pallaso paroleiro, dun bruxo pintor de soños e dun vergonzoso cativo para dar fin aos pesadelos que atormentan os/as nenos/as pola noite. Personaxes entrañables que encarnan a inocencia, a sabedoría e a bondade, e que teñen moito que aprender os uns dos outros para, unidos, rematar cos medos e, así, facer desaparecer os pesadelos.

+info. en: www.axaneladomaxin.com



CONTOS MARIÑEIRO
Ghazafellos

Autor: Pepablo Patinho Penya / Dirección: Pepablo Patinho Penya / Elenco: Pepablo Patinho, Montse Piñón e Jorge Casas / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

A Bestarruza foi a pique cando faenaba no Ortegagal... A filla dun dos mariñeiros non pode durmir á espera do bico do seu pai... Decide saír na súa procura, a bordo do seu barquiño... ou cama... soño... Unha viaxe que a levará por distintos faros da costa galega onde coñecerá estraños personaxes que a guiarán ata a Arriola verde... Unha obra para todos os públicos e recomendada para os máis pequenos, onde os Ghazafellos se achegan á nosa cultura mariñeira fomentando o respecto e interese polo mar.

+ info. en: www.ghazafellos.es



CONTOS NO AR
Artestudio Teatro

Autoría: Ramiro Neira / Dirección: Ramiro Neira
Elenco: Ramiro Neira / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Esta é a historia dun cazador de contos, Peter Hamelin Merlín, tamén chamado “Ti”. Os contos son como bolboretas ou avioniños de papel, hai algúns grandes e outros pequenos, hai bolboretas amarelas e contos alegres, hai bolboretas negras e contos tristes, e todos “revoan” por ese marabilloso Mundo das Ideas, concretamente no País dos Contos. Onde queda? “Ti” caza contos, ponos en gaiolas que el mesmo fai coas palabras e entrégallelos así aos nenos.



CUENTOS SONANTES Y TÍTERES
Arte Fusión Títeres

Autoría: Claudia Massotto Franco / Dirección: Claudia Massotto Franco / Elenco: Roberto Pellizzetti, Nahuel Tarquini, Claudia Massotto Franco / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

O simpático Pantufla cólloenos da man para coñecer os seres máis curiosos dos nosos soños. O gatopato, que descubrirá a súa verdadeira identidade; o poderoso rei rato e a súa filla namorada dun poeta ou un equipo de fútbol, moi pero que moi especial. Aos máis pequenos encantaralles a tenrura e cores dos personaxes e todos os demais descubrirán que as pernas poden ser esveltas palmeiras, ou que os pés poden crear espelidos pitiños.

+ info. en: www.artefusiontiteres.com



EL FLAUTISTA MÁGICO
Teatro Paraíso Sal

Autoría: Claudio Casadio / Dirección: Claudio Casadio
Elenco: Tomás Fernández Alonso, Arrate del Río, Ramón Monge / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Soarán vellas e máxicas melodías. O reloxo dunha estación perdida parará o tempo a toque de asubío e o vento, o incansable vento, murmurará outra vez ao oído a célebre e renovada historia do frautista de Hamelin.

+ info. en: www.teatroparaiso.com



FLIS-FLI-RIS-FLÁS
Matapiollos Teatro

Autoría: Araceli Gonda / Dirección: Jorge Coira
Elenco: Jorge Yáñez, Carlos Coira / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Martiño é un rapaz que, como todos, ten certos medos. Non soporta a escuridade e, cando chega o momento de ir durmir, fai todo o que pode para non quedar ás escuras. Pero unha noite todo vai ser distinto e poderedes acompañar a Martiño ata un lugar cheo de emocións e aventura. Neste novo espectáculo da compañía Matapiollos, destacan a máxica luz negra, a música e a aparición de monicreques no escenario.

+ info. en: www.matapiollos.com



FRANKENSTEIN
Ghazafellos

Autoría: Pepablo Patiño / Dirección: Pepablo Patinho
Elenco: Pepablo Patinho, Montse Piñón, Jorge Casas
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Que pode agocharse tras un castelo escuro perdido no medio das montañas...? Quizais algo que non quere ser descuberto ou quizais algo que espera que o descubran... A Dra. Mon Cham-pignon e o Dr. Pe Arrepío veranse inmersos nunha nova aventura aterradora nas entrañas dun castelo onde nada é o que parece... Ghazafellos parte dun clásico como Frankenstein para afondar nas diferenzas que, ás veces, nos fan sentir mal...

+ info. en: www.ghazafellos.es



HAMLETÍN
Telón Partido

Autor: William Shakespeare / Dirección: Raquel Pintos Rosendo / Elenco: Nahuel Paxaro e Raquel Pintos
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Hamletín non é unha obra ao uso, é unha adaptación para nenos do clásico *Hamlet* de William Shakespeare. O protagonista da obra é Hamlet, pero visto dende a dozura dun neno. No mundo de Hamletín a traxedia de Shakespeare toma trazos de inocencia, transportando o espectador a un mundo máxico, onde se atopa cun príncipe namorado, unha caveira tola, un rei malvado, unha pantasma que baila éxitos do verán... No mundo de Hamletín aínda existen valores tan importantes como o amor, a amizade, a coraxe e a lealdade.

+ info. en: www.telonpartido.com



HISTORIA DUN SOLDADO
Viravolta Títeres

Dirección: Anxo García Fernández / Elenco: Quidam Trío: Xosé Manuel Yáñez, Mariola Gil Lago, Beatriz Rodríguez Caridad. Manipuladores: Anxo García, Pilar Álvarez, Julio Balado / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Espectáculo en dúas partes. Na primeira, catro pezas de compositores galegos contemporáneos. Na segunda, espectáculo de sombras con formato de concerto: música de piano, violín e clarinete, onde se conta a historia dun soldado de permiso que, de volta á casa, atopa o demo no seu camiño. O demo, engaiolado polos sons que saen do violín, intenta trocalo por un libro máxico no que poderá ver todas as cousas maravillosas do mundo...

+ info. en: www.viravolta.es



KONRAD OU O NENO QUE SAÍU DUNHA LATA DE CONSERVAS
Sarabela Teatro

Autoría: Christine Nöstlinger / Dirección: Ánxeles Cuiña Bóveda / Elenco: Elena Seijo, Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Nate Borrajo, Sabela Gago / Xénero: Teatro infantil/Comedia

A señora Bartolotti, que carece de experiencia cos nenos, recibe un día pola vía máis inusitada –por correo– un fillo de sete anos: Konrad, o neno que saíu dunha lata de conservas. Con moita inspiración e humor, cóntanse nesta obra as emocionantes e divertidas situacións nas que se ve envolta a señora Bartolotti pola presenza de Konrad, e como o defende cando se descobre que houbo unha equivocación na entrega a domicilio do neno.

+ info. en: www.sarabelateatro.com



LUME
Teatro Babaluva

Autoría: Inspirado nun texto de Alberto Varela Ferreiro
Dirección: Mariza Basso / Elenco: Larraitz e Mirari Urruzola / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Nun bosque onde vivían moitos animais algo pasou que fixo ladrar o can.... Unha lapa chegou con ganas de facer lume e fume. O can chamou á vaca, a vaca ao cervo, o cervo á xabarila, a xabarila á landra, a landra preocupada foi buscar o moucho que avisou a araña. A araña viu ao ourizo, o sapo alertou á garza, que estaba comendo miñocas. A eiruga falou coa bolboreta, voluntariosos chegaron a vacaloura e o esquío. E así foi como axudándose uns a outros prepararon un plan para apagar o lume.



MENSAXE SEN BOTELLA

Caramuxo Teatro

Autoría: Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Dirección: Olga Margallo / Elenco: Juan Rodríguez e Laura Sarasola / Xénero: Teatro infantil/Comedia
Despois do éxito obtido con *Os Bolechas*, Caramuxo Teatro volve ao teatro de actor da man dunha das directoras máis importantes da escena española (gañadora dun Max, de dous premios FETEN e fundadora da compañía Uroc Teatro), a madrileña Olga Margallo. *Mensaxe sen botella* é unha fantástica aventura sobre a liberdade.
+ info. en: www.caramuxo.net



MOWGLI – EL LIBRO DE LA SELVA

La Carreta Teatro

Autor: Baseada nun texto orixnal de Rudyar Kipling
Dirección: Francisco Pérez Guirado / Elenco: Francisco Pérez Guirado e Manoli Montalvo Coronado
Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Todo un clásico que reflicte comportamentos e valores humanos, como a amizade, a xenerosidade ou o rancor. Unha historia que xira sobre a aceptación e o respecto ás diferentes razas e especies. Unha reflexión sobre o equilibrio e as leis da natureza. Na historia, Mamá Loba está coidando dos seus lobatos, cando por casualidade atopa a Mowgli, o pequeno neno da selva. Dálle de mamar, cóidao e educao, como a outro lobiño máis...
+ info. en: www.agada.es



OS BOLECHAS

Caramuxo Teatro

Autores: Juan Rodríguez, Laura Sarasola e Pepe Carreiro / Dirección: Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Elenco: Xose Esperante, Juan Rodríguez e Laura Sarasola
Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Caramuxo Teatro presenta o gran éxito editorial galego: *Os Bolechas*, unha comedia musical con monicreques. Un espectáculo que amosa un día na vida desta divertida familia, onde coñecemos as ocorrencias do pequeno Tatá, as travesuras de Chispa, a Braulio e Sonia, as xemelgas Pili e Loli, e a Carlos, o máis vello dos irmáns.
+ info. en: www.caramuxo.net



OSOFETE

Titiritempo

Autoría: Claudia Massotto Franco / Dirección: Claudia Massotto Franco / Elenco: Claudia Massotto, Mario Tomás López / Xénero: Teatro infantil/Monicreques
A compañía de monicreques e actores Tirititempo, encabezada pola Diva Divísima, preséntase ao público para contar un conto que axude a coidar do monte, a historia de Osofete: Todo é felicidade na vida de Osofete. Todo? No seu monte abundan as árbores, que son o fogar dos seus amigos, e alí ten todo o que necesita para ser feliz. Pero pasa moito tempo só no bosque e iso faino concienciarse do valor que ten todo o que lle rodea e da destrución á que se ve sometido por descoido ou malgaste. Xunto cos seus amigos, atopará solucións.



PEDRO E O LOBO, SINGULAR VERSIÓN

Tres Globos

Autoría: Xan Pérez / Dirección: Xan Pérez
Elenco: Xan Pérez / Xénero: Teatro infantil/Outros
Singular versión do conto do pastor troleiro, para público infantil e non tan infantil. Pedro abúrrese moito coidando das ovellas, así que, para pasalo ben, conta mentiras sobre a chegada do lobo. Logo de recibir unha bronca do seu pai, Pedro coñece un can que quere ser pastor e así coidar xuntos de que non veña o lobo.
+ info. en: www.tresglobos.es



PINGUEIRAS E TARTEIRAS

Teatro del Andamio

Autoría: Teresa González Costa / Dirección: Álvaro Guevara / Elenco: María Lodeiro, Álvaro Guevara, Santi Romay, Gema Ulloa, Nacho Martín / Xénero: Teatro infantil/Comedia
No Castelo Grisallo todo é gris: desde o maimiño da raíña ata a súa cunca de porcelana inglesa. E tamén chove moito. A Súa Maxestade xa está cansa de colocar tarteiras debaixo das pingueiras. Pero un día chega pola porta a Compañía do Paraugas. Pouco a pouco os membros desta compañía de circo –que outrora fora esplendorosa– daranlle cor a tanta monotonía. E farán que a mesma choiva soe a música: a música das pingueiras nas tarteiras. Esta obra de Teresa González Costa foi recoñecida co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2008.
+ info. en: www.teatrodelandamio.com



POLGARIÑO & CÍA

Artello Teatro Alla Scala 1:5

Autores: Rosa Hurtado e Santiago Montenegro
Dirección: Manuel Pombal / Elenco: Rosa Hurtado Santiago Montenegro / Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Na memoria colectiva hai historias que nos falan dun ser humano débil e pequeno que, coa súa intelixencia, xenerosidade e audacia, é quen de librar os seus dos inimigos máis terribles. Mais para nós, é Polgariño o favorito entre os heroes clásicos. E aquí estamos, xogando con seixos e mi-guiñas, deixándonos perder no bosque, probando as botas de Sete Leguas...
+ info. en: www.artello.com



¡QUE VIENE EL LOBO!

Kamante Teatro

Autoría: Luisa Aguilar / Dirección: Luis Vigil
Elenco: Luisa Aguilar / Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Lobeto non quere ser lobo de zoolóxico. Cada noite, mentres contempla o reflexo da Lúa, soña con poder alcanzala e pregúntase como será a vida “ao outro lado”. Está convencido de que o mundo é grande e redondo e non pequeno e cadrado, así que un día escapa decidido a ser lobo de conto, pois oíu dicir que neles todo é posible. Pero a vida ao outro lado non é sinxela. O primeiro que fai é ir á Escola de Lobos, onde descobre que os lobos de conto son lobos feroces e que, se quere quedar, ten que comer alguén.
+ info. en: www.kamante.com



ROSALÍA, A PULGA QUE ESCRIBÍA

Galitoon

Autora: Andrea Bayer / Dirección: Andrea Bayer, Santiago Alonso / Elenco: Santiago Alonso, Rogelio Lema
Xénero: Teatro infantil/Monicreques
Había unha vez, unha pulga moi, moi pequena: Rosalía. Rosalía escribe unha carta cada día. Métea nun sobre, ponlle un selo e mándaa por correo. Bruno, o Canguro, un carteiro moi especial, encárgase en persoa de levarllela aos seus destinatarios... e lérrllela. Á señora Toupa porque non ve. A dona Xirafa porque perdeu as gafas. Á ovella porque non sabe ler. Ao señor Ratón porque lle encanta que lle lean. E a Mr. Elefante porque só sabe ler en inglés. Unha obra de monicreques sobre mesa.
+ info. en: www.galitoon.com



RÚA AIRE

O Retrete de Dorian Gray

Autoría: O Retrete de Dorian Gray / Dirección: O Retrete de Dorian Gray e Jordi Farres / Elenco: Marcos PTT Carballido e Ezra Moreno / Xénero: Teatro infantil/Outros
O Retrete de Dorian Gray en coprodución co Centro Dramático Galego presenta... Unha vetusta máquina de procesado e inflado de globos... / Unha xénese nada máis empezar... / Un puñado de globos emperrados en vivir... / Unha ducha accidentada... / Unhas malvadas tesoiras de ideas fixas... / O vento que chama á porta... / Un país vítima dunha praga de bolsas de plástico... / Un bombín con patas... / Un final que coincide coa conclusión da obra... / E iso. (Polo medio, algunha cousa máis...)



SALTIMBANQUIS

Teatro do Morcego

Autor: Irmans Grimm / Dirección: Celso Parada
Elenco: Mundo Villalustre, Iolanda Muíños, Maxo Barjas, Mighello Blanco, Serginho / Xénero: Teatro infantil/Musical
A peza ten como protagonista un burro, que, cansado da explotación e dos malos tratos do patrón, decide abandonar a facenda onde traballaba, na procura de mellores condicións de vida. No camiño á cidade, encontra un can e unha galiña que foxen polo mesmo motivo, xunto cunha gata, á que botaron da casa porque pasara a noite cantando. Unidos contra a tiranía dos donos, deciden formar un conxunto musical e parten cara á cidade dos soños, compoñendo belas cancións.



SINDA, LINDA, CASILDA, SIMÓN

E O DEMO COBILLÓN

Fantoches Baj

Autoría: Inacio Vilariño / Dirección: Inacio Vilariño
Elenco: Inacio Vilariño / Xénero: Teatro infantil/Outros
Partindo dun cadro do pintor Manuel Colmeiro, cóntase a historia dunha familia de lavandeiras de Ferrolterra insidiada polo demo de pelo azul Cobillón. Nesta historia mestúranse saberes tradicionais, refráns, cancións, contos populares e os romances históricos da Nau Catrineta e a Bela Infanta nun espectáculo de narración oral con tropezáns de maxia, monicreques e música.

O TEATRO

LATEXA EN COMPOSTELA


Habitantes: 95.000

Espazo escénico: **Teatro Principal**

Rúa Nova, 21

Santiago de Compostela

Capacidade: 462 espectadores



PRINCIPAL

HAI UN ESPAZO CULTURAL EN COMPOSTELA QUE EMERXE DE MANEIRA ESPECIAL: POR HISTORIA E PRESENTE, O TEATRO PRINCIPAL É REFERENCIA DAS ARTES ESCÉNICAS E DA PROGRAMACIÓN CULTURAL NA CIDADE. DESDE QUE ABRIU AS SÚAS PORTAS EN 1843 ATA HOXE, ACOLLEU TODO TIPO DE ESPECTÁCULOS. ANTES E AGORA, SUBIR AO ESCENARIO OFRECE O PRIVILEXIO DE ADMIRAR A BELEZA DA SÚA RECOLLIDA SALA ELÍPTICA.



O aspecto que presenta hoxe o Principal non é moi diferente do que tiña hai 167 anos. O teatro proxectado por Manuel Prado y Vallo sufriu poucas modificacións ata que chegou o cine e houbo que facerlle sitio á cabina de proxección. En 1987 freouse o seu proceso de deterioración cunha reforma que lle devolveu o seu esplendor. Modernizáronse as instalacións, os camerinos e equipamento técnico, e renovouse o conxunto, mantendo o seu aspecto clásico. Hai xa máis de dúas décadas, Compostela estreou un novo teatro vello.

O Teatro Principal é propiedade do Concello de Santiago. “O Principal acolle actividades de teatro, danza, música, cine e outras propostas, complementándose co Auditorio de Galicia segundo as necesidades técnicas, de capacidade e de formato”. Explica Paulo Ro-

O PRINCIPAL É UN DOS ESCENARIOS MÁIS QUERIDOS POLAS COMPAÑÍAS GALEGAS DE TEATRO, QUE ESTÁN PRESENTES MES A MES NA PROGRAMACIÓN DA SALA

dríguez, director-xerente do Auditorio, entidade que desde 2004 xestiona a sala e o resto de programación cultural do Concello.

A programación estrutúrase arredor de ciclos e festivais. Os cinematográficos son os que gozan de maior éxito de público. O Principal é sede de Cineuropa, un dos acontecementos culturais máis multitudinarios da cidade, e tamén de Curtocircuíto e o Festival Amal. A programación musical inclúe o Festival Todo Lírica, dedicado á lírica e á zarzuela, e o Ciclo de Lied, único en Galicia. A Banda de Música programa ao longo do ano un ciclo de música popular, co que enche o patio de butacas domingo tras domingo.

O Principal é un dos escenarios máis queridos polas compañías galegas de teatro, que

están presentes mes a mes na programación da sala, a única da cidade incluída na Rede Galega de Teatros e Auditorios. A Concellaría de Cultura organiza ademais dous ciclos anuais: SCQ Danza, que presenta propostas de danza contemporánea galegas, españolas e internacionais; e Teatro e Danza en Xira, co que se achegan a Santiago compañías que están xirando pola Península cos seus espectáculos. Tamén Compostela Máxica, o Festival de Teatro Amador Agustín Magán ou o Festival de Teatro Universitario teñen o Principal como sede.

A sala quere servir de espazo de lanzamento de proxectos de creadores composteláns e galegos, tanto de artes escénicas como musicais e audiovisuais. E ten entre as súas prioridades a estrea de compañías de teatro profesional e *amateur* vinculadas á cidade. Entre as



virtudes do Principal, Rodríguez engade a súa función como plataforma para a difusión do programa didáctico da Concellaría de Cultura nos ámbitos da música, o teatro ou o cine.

A resposta do público

Co teatro cheo, 462 pares de ollos ven erguerse o pano desde o patio de butacas, a platea, os dous andares e o anfiteatro do Principal. Ao longo de 2009 o Principal rexistrou máis de 81.000 espectadores, o que dá para encher a sala 175 veces. Case a metade, 39.000, asistiron a Cineuropa. Descontados estes, o teatro rexistra unha media mensual de 4.000 espectadores.

A lectura que fai Paulo Rodríguez das cifras de asistencia non é moi optimista: “O teatro

galego aquí ten pouco poder de convocatoria, excepto compañías con tradición moi consolidada ou espectáculos con algunha estrela mediática”. As cifras melloran no teatro que vén de fóra, “sobre todo cando hai figuras destacadas no elenco”. Máis reducido é o público da danza contemporánea, pero o director-xerente do Auditorio de Galicia ten claro que “a danza ten que ter o seu espazo na programación”. O que realmente lle sorprende é a escasa resposta da comunidade universitaria. “É totalmente impermeable ás propostas de artes escénicas, que teñen un público de idade máis ben madura”, comenta Rodríguez.

Na actualidade, o Teatro Principal comparte o seu protagonismo na programación cultural da cidade con outro bo feixe de salas e auditorios: a Sala Nasa, o Salón Teatro, o Centro

O TEATRO PRINCIPAL QUERE SERVIR SERVIR DE ESPAZO DE LANZAMENTO DE PROXECTOS DE CREADORES COMPOSTELÁNS E GALEGOS, TANTO DE ARTES ESCÉNICAS COMO MUSICAIS E AUDIOVISUAIS

Sociocultural Caixa Galicia, a Sala Santart ou Artería Noroeste, sen esquecer o Auditorio de Galicia e os centros socioculturais espallados polos barrios. Pero segue a ser un espazo distinguido e apreciado polo público e polos que se soben ás súas táboas. “Necesita algunha mellora técnica”, apunta Rodríguez. “Hai uns anos anos substituíronse as butacas, e agora Concello e Consorcio de Santiago teñen un proxecto para actuar sobre a caixa escénica e a *chácena*”. Retoques para manter a vitalidade dun espazo no que latexa Compostela.



UN DÍA MUY ESPECIAL

Páprika Teatro

Autoría: Pablo Nojes / Dirección: Pablo Nojes
Elenco: Pablo Nojes / Xénero: Teatro infantil/Musical
É un día moi especial. O dúo Os Pablos terá que facer o seu *show* musical fronte a un xurado, o cal podería chegar a elixilos para participar nun gran festival. O público fai palmas, canta e todo vai moi ben, ata que de súpeto, inesperadamente, se presenta un gato que di saber como axudarlles a saír do que, ao seu parecer, será un inevitable fracaso.
+ info. en: www.pablonojes.com



UN RATITO MÁIS

Músicos y Titiriteros

Autoría: Pablo Guiducci / Dirección: Néstor Corenstein
Elenco: Carla Espósito / Xénero: Teatro infantil/ Monicreques
Había unha vez un ratiño que quería saír a coñecer o mundo porque xa se consideraba maior e capaz para facelo. Cada vez que tentaba marchar, a súa mamá retíñao, contándolle un conto novo. Desexaba que quedara con ela para sempre dentro da casa. A Ratito encantábanlle os contos e, como non podía soportar non saber como remataban, sempre quedaba ‘un *ratito*’ máis. Pero un día...



UNA ODISEA DE BOLSILLO

El Teatre de L’Home DibuiXat

Autoría: Tian Gombau e Panchi Vivó / Dirección: Quique Alcántara e Panchi Vivó / Xénero: Teatro infantil/Comedia
O xograr Moc embárcase de novo nunha auténtica odisea. Co seu teatro cargado de máscaras, monicreques e obxectos, conta e escenifica as aventuras de Ulises desde a guerra de Troia ata a chegada á súa desexada Ítaca. Unha escenografía que funciona como unha navalla suíza, desprégase para crear un barco, facer aparecer o mar, o tear de Penélope ou o cabalo de Troia.
+ info. en: www.homedibuiXat.com

EN BREVE

17 COMPAÑÍAS GALEGAS AMOSAN OS SEUS ESPECTÁCULOS NA FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS

A Feira Galega das Artes Escénicas que organiza a Agadic para a promoción e comercialización dos espectáculos que se producen en Galicia contará este ano coa participación de 15 compañías galegas de teatro, dúas compañías galegas de danza, unha mostra do traballo de varios artistas de novo circo.

Así, entre o 18 e o 21 de outubro amosarán as súas propostas en distintos espazos de Santiago de Compostela as compañías galegas Abada Teatro-Carlos Blanco co espectáculo *Ordem e progreso*, Caramuxo Teatro con *Mensaxe sen botella*, Elefante Elegante Teatro con *In*, Galitoon

Productions con *Botazz! O swing do jazz*, Ghazafellos con *Frankenstein*, La Macana con *Shure PG48*, Lagarta Lagarta con *Cásting (A comedia)*, Ónfalo Teatro con *Na meta (Sálvese quen poida)*, P.T. Excéntricas con *Un cranio furado*, Santiago Cortegoso con *A filla de Woody Allen*, Sarabela Teatro con *O incerto señor don Hamlet*, SolodósNeodans con *Só-lodos*, Talía Teatro con *Volpone*, Teatro de Ningures con *Homes... mulleres: o paraíso terreal*, Teatro do Atlántico con *Memoria de Helena e María*, Teatro do Morcego con *A nona* e Títeres Tropicalllo coa obra *O día que chegou unha nube e choveu*.

A programación da Feira completarase con tres propostas escénicas máis que chegarán de fóra de Galicia, en concre-

to da comunidade autónoma andaluza, como son: Histrión Teatro con *Del maravilloso mundo de los animales: los corde-ros*, Teatro del Velador con *Hildegarth* e Le Rous con *El abuelo*.

MERCEDES SUÁREZ, NOVA DIRECTORA DO CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

A coreógrafa coruñesa Mercedes Suárez é a nova directora do Centro Coreográfico Galego (CCG) despois de que o pasado mes de agosto o Consello de Dirección da Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) resolviera o seu nomeamento á vista da súa sólida formación e ampla experiencia profesional. Estes foron os principais criterios tidos en conta para valorar a súa candidatura como a que mellor se adecuaba ao perfil necesario para dirixir o CCG, tras unha exhaustiva análise do total de 16 propostas admitidas ao proceso de selección.

Nada na Agualada, no concello coruñés de Coristanco, Mercedes Suárez é titulada superior en Danza polo Real Conservatorio de Danza de Madrid, e en Anatomía e Biomecánica aplicada á danza pola Universidade de Alcalá de Henares. Inicia a súa formación artística a partir de 1968 con notables mestres de danza clásica e contemporánea en diferentes países, comezando a súa carreira como bailarina en 1973 no Ballet Clásico de Madrid. En 1981 funda na Coruña a Escola de Danza Druí-da, mantendo dende entón unha intensa actividade docente.

Na faceta de coreógrafa, conta cunha ampla experiencia a nivel nacional e internacional, con numerosos traballos asinados tanto para Druída Danza, compañía

ELES E ELAS CÓNTANNOLO

DENDE O PARAÍSO



NOME: Ángel Ramírez
IDADE: 61
OCUPACIÓN: Pensionista
POR QUE VAS AO TEATRO?: Estou nun grupo de xente maior que estamos empezando a facer teatro. Agora vou poucas veces, antes ía máis.
CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: *Platonov*, do Centro Dramático Nacional.



NOME: Marisa Martínez
OCUPACIÓN: Xubilada
POR QUE VAS AO TEATRO?: Neste caso porque vimos na televisión os ensaios desta obra e pareceunos un traballo moi importante.
CAL FOI O ÚLTIMO ESPECTÁCULO QUE VICHES?: Unha *zarzuela* no Ciclo de Lirica de Santiago de Compostela.

que fundou nos anos oitenta, como para outras formacións escénicas, ademais de para diferentes producións musicais e audiovisuais. É, así mesmo, a creadora e directora de *Etheria, a viaxe soñada*, última produción do Centro Coreográfico Galego estreada o pasado 3 de xullo na Coruña e que nestes momentos se atopa en xira por diferentes escenarios galegos.

O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO PRODUCE *SALOMÉ* DE OSCAR WILDE CON DIRECCIÓN DE CARLOS SANTIAGO

O Centro Dramático Galego estrea o 26 de novembro no Salón Teatro de Santiago a súa primeira produción propia para a temporada escénica 2010-2011, co que se abre ademais a etapa deseñada por Blanca Cendán como directora da entidade pública. Trátase dunha adaptación da obra *Salomé* de Oscar Wilde, que o CDG producirá en clave musical e baixo a dirección de Carlos Santiago.

O elenco do espectáculo está integrado por un total de seis intérpretes, elixidos mediante un proceso de audicións no que participaron 64 actores e actrices e ao que concorreron inicialmente máis de 200 persoas de distintas procedencias xeográficas.

Este será o primeiro traballo para o Centro Dramático de Carlos Santiago, director galego que vén desenvolvendo a súa traxectoria nos últimos anos en distintos espazos portugueses. A peza escollida, porén, non é allea ao CDG, dado que a compañía pública xa a puxera en escena nos seus primeiros anos de funcionamento, a xeito de coprodución co grupo Chévere.

Salomé representarase do 26 de novembro ao 19 de decembro no Salón Teatro e realizará despois unha xira de actuacións por varios escenarios galegos.

MANUEL LOURENZO, GALARDOADO CO V PREMIO DE TEATRO ABRENTE DE TEXTOS TEATRAIS

O dramaturgo Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, Lugo, 1943), coa obra *Aquelas cousas do verán*, foi galardoado o pasado 21 de xullo co Premio de Teatro Abrente de Textos Teatrais, convocado polo Concello de Ribadavia co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O premio, dotado con 3.000 euros e unha estatuíña orixinal do artista Manuel Rodríguez Alonso (Sampedro), foille outorgado por unanimidade por un xurado no que, ademais da representación municipal, participaron recoñecidos profesionais das artes escénicas, como son Cristina Domínguez, Tito Asorey e Santi Prego.

O xurado destacou no seu ditame a contemporaneidade do texto, no que se percibe “unha estrutura dramática que, pola súa fragmentación e carácter impresonista, se achega ás novas tendencias dramáticas actuais”. Resaltou así mesmo que se trata dun texto maduro, tanto na linguaxe como na escrita, que require dun tratamento escénico moi sutil, en concordancia coa propia sutileza dos seus compoñentes.

Na acta tamén se fai referencia ás posibilidades escénicas da peza, na que se crea “un universo de ficción onde o bo manexo das convencións ou da intertextualidade

dotan a obra dunha calidade e madurez especiais”. “Un texto –engádese– que bota man, para a súa composición, de moi dosificadas pinceladas simbólicas pero que trata con profundidade e transversalmente a actualidade”. “É unha peza profunda que fala das relacións entre as persoas cun impecable dominio da tensión dramática”, conclúese.

O SECTOR ESCÉNICO GALEGO PRODUCIRÁ 23 NOVOS ESPECTÁCULOS CO APOIO ECONÓMICO DA AGADIC

A Axencia Galega das Industrias Culturais apoiará cun total de 692.052 euros a realización de 23 novos espectáculos de teatro e danza, a cargo doutras tantas compañías galegas adxudicatarias das subvencións ás industrias culturais 2010 nas modalidades de produción escénica. Dentro deste programa xeral de axudas, aprobouse así mesmo a concesión doutros 954.950 euros a través do resto das modalidades convocadas (continuidade da actividade, compañías residentes, programa “Crédito-Cultura”, distribución, salas e asociacionismo profesional), de xeito que o apoio económico ao sector escénico galego ascende a 1.647.002 euros.

Canto a xéneros escénicos, destes 23 espectáculos que poderán verse nas carteleiras galegas ao longo da próxima temporada, 11 corresponden a teatro de actor (*Na meta (Sálvese quen poida)*, de Ónfalo Teatro; *Estrelados*, de La Quintana Teatro; *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *Cásting (A comedia)*, de Lagarta Lagarta; *Homes... mulleres*, de Ningures Produccións; *Un cranio furado*, de PT Excéntricas;

Historias peregrinas, de Teatro do Noroeste; *Volpone*, de Talía Teatro; *La maleza*, de Teatro Ensalle; *Pisados ou Botamán de Melide*, o home que falaba cos zapatos, de Ancora Produccións, e *Ruído branco*, de Nut Teatro), oito a teatro de monicreques ou de obxectos (*Meu amigo imaxinario*, de Galitoo; *O rei destronado*, de A Xanela do Maxín; *O asombro*, de Fantoques Baj; *Polichinela, titor de pierrot*, de Gururú Produccións; *Alicia no país das marabillas*, de Títeres Cachirulo; *Mensaxe sen botella*, de Caramuxo Teatro; *Trogloдитas*, de Tanxarina, e *Andainas dun monicreque*, de Os Monicreques de Kukus), dous a danza (*Kamouraska*, de Marta Pérez Alonso, e *Tulipanes*, de DLoira) e outros dous a novo circo (*Habitat*, de Pistacatro, e *Encontros*, de Alfredo Pérez Muño).

Da contía total outorgada a estas propostas e atendendo ás categorías baixo as que foron presentadas, 215.351 euros destínanse a catro espectáculos de mediano formato; 147.024 euros, a dous de gran formato; 125.968 euros, a cinco espectáculos de pequeno formato; 105.430 euros, a seis proxectos de novas tendencias e os 98.277 euros restantes, a seis propostas presentadas por compañías de nova creación.

Fe de erros:
O espectáculo *Cerrado por aburrimiento* estreouse no Teatro Colón da Coruña e non no Teatro Rosalía Castro, como erroneamente aparece na páxina 6 do anterior número de PARAÍSO.



NOME: Diego Vázquez
IDADE: 28
OCUPACIÓN: Animador sociocultural
POR QUE VAS AO TEATRO?: Forma parte da miña vida, durante moitos anos fun parte viva do teatro compostelán. O teatro é vivir vidas novas en cada función.
CAL FOI A ÚLTIMA OBRA QUE VICHES?: *Platonov*, do Centro Dramático Nacional.



NOME: Andrea Pérez
IDADE: 28
OCUPACIÓN: Psicóloga
POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me gusta, e cando podo intento ir.
CAL FOI A ÚLTIMA OBRA QUE VICHES?: *La ratonera*, de Agatha Christie, dirixida por Víctor Conde.



NOME: Antonio Alejo
IDADE: 35
OCUPACIÓN: Estudiante
POR QUE VAS AO TEATRO?: Porque me parece un espazo distinto para coñecer realidades sociais.
CAL FOI A ÚLTIMA OBRA QUE VICHES?: *Platonov*, do Centro Dramático Nacional.



NOME: María Pereira
IDADE: 51
OCUPACIÓN: Psicóloga
POR QUE VAS AO TEATRO?: Gústame ir de cando en vez, porque ves os actores en directo e iso faino diferente a un libro ou a unha película.
CAL FOI A ÚLTIMA OBRA QUE VICHES?: *A esmorga*, de Sarabela Teatro.



NOME: Mario Arén
IDADE: 21
OCUPACIÓN: Estudiante
POR QUE VAS AO TEATRO?: Por facer algunha actividade diferente das que facemos todos os días.
CAL FOI A ÚLTIMA OBRA QUE VICHES?: *Master class*, de Bengala Produccións.



UNHA ROSA NO XARDÍN
Pinga Teatro

Autor: Miquel Condal / Dirección: Miquel Condal
Elenco: María Carrera, Miquel Condal / Xénero: Teatro infantil/Outros

Un bo día, unha rosa nace no xardín dunha casa antiga e abandonada; alí coñecerá un can pouco ladrador tan antigo como a casa, Can Can; uns paxariños un pouco enleantes, Coto e Loro, e unha serpe moi simpática, ou, máis ben, dúas serpes: Serpe de Serpentes e a aventureira Serpentiña de Cerveira (“Tiña”, para os amigos). Todos eles vivirán unha historia chea de emocións e momentos persoais e non tan persoais...

+ info. en: www.pingateatro.com



UNHA VIDA DE CONTO
Pizzicatto Teatro y Títeres

Autoría: Carmen Beldarrain / Dirección: Gerardo Capobianco / Elenco: Rosana Beldarrain, Gerardo Capobianco, Cristina Gómez Jiménez / Xénero: Teatro infantil/Outros

Adaptación para nenos con monicreques de variadas técnicas, actores e música en vivo da vida do xenial escritor Christian Andersen. Desde a súa pobre infancia na cidade de Odens ata a súa madurez na corte de Copenhague, amado polo seu pobo e rodeado de recoñecemento. Coñeceredes a Christian neno, xunto ao seu pai zapateiro e a súa avoa. As súas viaxes por todo o mundo e a súa relación co rei de Dinamarca.

+ info. en: www.pizzicatto.com



VALENTINO RUFINI E ÂKIL PILLABÁN DE VIAXE A MILÁN (E VAN SEN UN CAN)
Taliá Teatro

Autoría: Roberto Salgueiro / Dirección: Roberto Salgueiro / Elenco: Dani Trillo, Diego Rey / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Século XVIII. Italia. O cabaleiro Valentino Rufini de regreso á súa casa en Milán é abandonado polo seu criado, que lle marcha cos cartos. Só, cargando co seu baúl de viaxe e coa faldriqueira baleira, decide pasar a noite nunha casa en ruínas no camiño por onde pasa a carruaxe a Milán. Alí atopa a Danniello Pillabán, a quen a súa ama deixou composto, sen cartos e cun baúl cheo de traxes de señora ostentosa vida a menos. Ambos os dous compartirán desexos, sospeitas e medos, mentres agardan a que de mañá pase a carruaxe.

+ info. en: www.taliateatro.es



VIOLETA COLETAS CONTRA AS SALCHICHAS GULP!
Títeres Tropicalllo

Autoría: Tropicalllo / Dirección: Marian González
Elenco: Sabela Amado Rojo e Luis González / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

A Violeta non lle gusta estudar, a Violeta gústalle ver a tele. / A Violeta non lle gustan as acelgas, a Violeta gústanlle as salchichas. / A Violeta non lle gusta Sarita, a Violeta gústalle Miguel. / A Violeta non lle gusta que a súa nai lle dea ordes, a Violeta gústalle escoller. / A Violeta non lle gusta que o seu pai a trate como a unha nena, Violeta quere crecer. / A Violeta non lle gusta o seu irmán... aínda que un extraordinario suceso fará que cambie de opinión.

+ info. en: www.tropicalllo.com



A MAXIA DO NADAL
Chrystyan Magic

Autoría: Chrystyan Magic / Dirección: Chrystyan Magic
Xénero: Maxia

Este é un espectáculo pensando para a época máis mágica do ano: o Nadal. Ambientado nun decorado do Nadal, á fantasía e ilusión do espectáculo de maxia de Chrystyan Magic súmase o máis entrañable personaxe destas datas, Papá Noel, que nos visitará desde moi lonxe para facer realidade todos os desexos do público asistente, e, xunto coa súa axudante, Mamá Noel, farán as delicias de grandes e pequenos para festexar un Nadal inesquecible con moitas, moitas sorpresas!

+ info. en: www.chrystyan-magic.com



A OUTRA REALIDADE
Martín Camiña

Autoría: José Luis Prieto / Dirección: Marcos Orsi
Elenco: Martín Camiña, Xoque Carbajal, Marta Quintana, Fani Triana / Xénero: Maxia

Un percorrido máxico a través da ciencia, da historia e do humor ideado no laboratorio de Martín Camiña. *A outra realidade* fala de magos como Leonardo da Vinci, Arquímedes, Einstein, Newton, etc., magos que pensaron en imposibles para descifrar a outra realidade. Un ilusionista, un actor, unha actriz e a música en directo dunha arpista desenvolven este espectáculo no que se mesturan pasado e presente para desvelarnos que hai algo en común en todas as realidades: a busca da ilusión e da maxia.

+ info. en: www.martinilusionista.com



AS AVENTURAS DE PAQUITO LLONS
Javier Muro – Eventos Mágicos Teatro

Autoría: Miro Magariños, Javier Muro / Dirección: Xosé Manuel Esperante / Elenco: Javier Muro / Xénero: Maxia

Paquiño é un neno que soña ser explorador e aventureiro, unhas veces pirata e outras viaxeiro, e, grazas á súa afección aos libros de aventuras, realiza unha gran viaxe en busca do país de Liliput, pasando por países exóticos como China, India, Persia, Exipto, á imaxe dos grandes viaxeiros como Marco Polo... Unha excitante aventura chea de maxia e ilusión onde o mago Javier Muro interpreta o papel dun neno e fai interactuar os bonecos dándolles vida, sucedéndose situacións moi máxicas que só poderían ocorrer na imaxinación dun neno.

+ info. en: www.javiermuro.es



ATRAPADO NA TORRE
Chrystyan Magic

Autoría: Chrystyan Magic / Dirección: Chrystyan Magic
Xénero: Maxia

É un espectáculo creado a través da imaxinación e a creatividade e baseado na maxia que podemos desprender do noso interior. Mediante a sucesión de xogos de maxia e humor, Chrystyan tentará descubrirlles aos nenos e nenas a ilusión, a fantasía e a maxia que se agocha nos contos, historias máxicas que poderemos crear grazas á participación do público.

+ info. en: www.chrystyan-magic.com



DA'KARA
Dani García

Autor: Dani García / Dirección: Flor Maceiras
Elenco: Dani García, Abigail Montiel, Mateo González / Xénero: Maxia

No mundo de Da'kara xúntanse os grandes efectos da maxia: persoas que aparecen e desaparecen, o mago atravesado pola súa axudante, levitacións imposibles, maxia argumentada, humor e participación do público e moito misterio nun espectáculo onde os grandes aparellos de maxia son os protagonistas. Tres actores en escena dan vida a unha realidade que non é, xogan coas leis da física e do posible. Unha obra dirixida pola actriz Flor Maceiras cun coidado tratamento do público e das situacións.



ILUSIÓN MÁXICAS 2010
Mago Xacobe Sanz

Autoría: Xacobo Sánchez Carro
Elenco: Mago Xacobe Sanz / Xénero: Maxia

O mago Xacobe repite este ano o éxito do seu espectáculo con novos xogos e mantendo os efectos máis potentes, ademais de contar cunha maior participación do público. *Ilusións máxicas* combina toda a fantasía da maxia coa frescura da improvisación teatral. Un espectáculo humorístico de intriga, evasións, adiviñacións, revelacións e algunha que outra levitación no que a interacción co público resulta fundamental.

+ info. en: www.magoxacobe.com



MAGO VITUCO & JESSICA V. 2
Mago Vituco

Autoría: Mago Vituco / Elenco: Mago Vituco, Jessica Guloomal, Sandra Iglesias / Xénero: Maxia

Primeiro espectáculo galego de grandes ilusións. Por primeira vez dentro do espectáculo, unha muller ten o seu número de maxia onde ela é a maga e protagonista. Unha viaxe polo mundo dos grandes apartados: mulleres cortadas, aparicións, efectos especiais, luz e son de primeira xeración ofrecendo un *show* “made in Las Vegas”. A primeira gran produción de maxia en Galicia creada especificamente para teatros e auditorios.

+ info. en: www.magovituco.com



MÁXICO CIRCUS CABARET: O CABARET DOS NÚMEROS DESCARTADOS
Cayetano Lledó

Autoría: Cayetano Lledó / Dirección: Cayetano Lledó
Elenco: Cayetano Lledó / Xénero: Maxia

Máxico Circus Cabaret é un espectáculo de ilusionismo teatral para todos os públicos. Con maxia musical, comedia, manipulación de cartas, malabarismo de contacto, *clown*, levitacións, cambios de vestuario, humor, mentalismo e hipnose.

+ info. en: www.cayetanollodo.com



NANOMAXIAS

Román García

Autoría: Román García / Dirección: Román García
Elenco: Román García / Xénero: Maxia

Un espectáculo de maxia de cerca absolutamente sorprendente. Un espectáculo con cousas pequenas e emocións fortes, maxia a un palmo dos teus ollos ou, mesmo, nas túas propias mans. En *Nanomaxias* poderás asombrarte e divertirte coas historias máximas e surrealistas do Mundial de Fútbol, os canibales do Amazonas ou a viaxe á Lúa do comandante Bouzas, entre outras. Cartas que trocan de cor, moedas que desaparecen e reaparecen nas mans do espectador ou billetes que multiplican o seu valor son só algúns dos pequenos milagres que poderás ver neste espectáculo.

+ info. en: www.magoroman.com



TRÍO DE ASEs

Expresións Produccións

Autoría: Expresións Produccións / Dirección: Manuel Solla / Elenco: Óscar Tosar, Carlos Cerviño, Manuel Solla
Xénero: Danza

Espectáculo de maxia cómica. Divertido, sorprendente, con moitísimo ritmo, un espectáculo para gozar en familia, só ou acompañado, onde o público participa e goza como un neno e ao rematar será moito máis feliz.

+ info. en: www.expresionproductions.com



1ª PARTY

Cristina Montero

Autoría: Cristina Montero / Dirección: Cristina Montero
Elenco: Cristina Montero, Mateo González
Xénero: Danza/Contemporánea

É posible ver a través das paredes, é posible que non haxa paredes, é posible espiar a viaxe dun corpo humano, é posible viaxar con el, é posible observar a existencia cunha copa de viño na man, é posible existir, é posible deixarse levar aos recunchos reservados de 1ª Party. O espectador deixa de estar fronte á peza coreográfica para situarse nela, no mesmo lugar do intérprete, facéndoo partícipe do espazo escénico mentres toma unha copa de viño, escoita música e viaxa con nós durante a *performance*.



ALENTO

Nova Galega de Danza

Autoría: Jaime Pablo Díaz, Vicente Colomer
Dirección: Jaime Pablo Díaz, Vicente Colomer
Elenco: Vicente Colomer, Jaime P. Díaz, Lorena Ballesteros, Alba López, Emma Cabañas, Laura García-Vera, Iván Villa / Xénero: Danza/Contemporánea

Unha fusión de música e danza, de vangarda e tradición galegas con vocación universal: “Chegou como un vento fresco con olor a mar. Non hai que perdelos de vista. Á tradición celta española fálta-lle esta renovación na súa danza, algo que xa ocorrera na música”. *Alento* foi o primeiro espectáculo de Nova Galega de Danza, que a compañía estreou no Teatro de Madrid (La Vaguada) o 8 de maio de 2003. Foi finalista dos Premios Max como mellor espectáculo revelación de 2005.

+ info. en: www.novagalegadedanza.com



DOUBLE TRACK

La Macana

Autoría: Caterina Varela, Alexis Fernández, Laura Arís, Jorge Jáuregui / Dirección: Caterina Varela, Alexis Fernández, Laura Arís e Jorge Jáuregui / Elenco: Caterina Varela, Alexis Fernández, Laura Arís, Jorge Jáuregui
Xénero: Danza/Contemporánea

Conxunto de tres pezas de pequeno formato de gran percorrido nacional e internacional que se presentan nun mesmo programa grazas á colaboración entre La Macana (Galicia) e Ember (País Vasco e Cataluña). *La era de los cosmonautas*, *Ven e Cola de gallo* son tres pezas diferentes de gran calidade artística que teñen en común un mesmo traballo físico.



EL CIELO DE TU BOCA V2

Andrés Marín

Autoría: Andrés Marín / Dirección: Andrés Marín, Salud López / Elenco: Andrés Marín, Llorenç Barber
Xénero: Danza/Contemporánea

Un encontro de campás. Un baila, e para iso dispón do seu corpo, do seu oído, da súa alma, das súas tripas, dos seus zapatos e da súa longa memoria. O outro toca, move, imaxina, déixase inspirar polo momento e polo outro que baila. Trátase dun encontro sorprendente entre Andrés Marín e o músico experimental Llorenç Barber, artista que practica a campanoloxía, a voz difónica, a improvisación, a música plurifocal e a poesía fonética desde hai máis de 30 anos.

+ info. en: www.andresmarin.es



EL ESTADO CRUDO

Javier Martín

Autoría: Javier Martín / Dirección: Javier Martín
Elenco: Javier Martín / Xénero: Danza/Contemporánea

Pensa, cálmate e falamos: - Quero elixir a frase exacta e correcta para transmitir a delicadeza do que estou sentindo neste momento: que te fodan!! ARREPIANTE. A enfermidade, a hipocondría, as alerxias son un resultado de non atreverse a ter inimigos; a estas alturas do baile, todos sabemos algo diso. Afronta o drama de vivir en estado cru!! ...só crería nun Deus que soubese bailar...

+ info. en: www.javiermartin.com



EL GRAN BANQUETE

Otra Danza

Autoría: Asun Noales / Dirección: Asun Noales
Elenco: Asun Noales, Kike Guerrero, Saray Huertas, Fredo Belda, Miguel Ángel Punzano, Carmela García, Paco Bodí, Conchín López / Xénero: Danza/Contemporánea

Un espectáculo que combina danza, teatro e audiovisuais baixo as composicións sinfónicas do mestre Chapí. A obra desenvolve unha escena continua na cal os máis diversos personaxes se dispoñen a levar a cabo unha celebración.

+ info. en: www.otradanza.es



EN ATTENDANT L'INATTENDU

Nats Nus Dansa

Autoría: Toni Mira, Claire Ducreux / Dirección: Toni Mira, Claire Ducreux / Elenco: Toni Mira, Claire Ducreux
Xénero: Danza/Contemporánea

En attendant l'inattendu nace do encontro casual entre Claire Ducreux e Toni Mira, dous intérpretes coa súa propia personalidade escénica. Dous universos creativos moi diferentes na forma, pero con moitas converxencias na esencia. Dous creadores que decidiron regalarse a síntese do seu traballo artístico... A peza usa como linguaxe a danza, apoiándose no teatro visual e o espírito do *clown*. O espazo escénico vaise enchendo de follas, de humor, de poesía, de tenrura, de absurdo.

+ info. en: www.natsnus.com



KNOCHENBLUME (FLORDEHUESO)

Cía. Arraiana-Estela Lloves

Autora: Estela Lloves Gómez / Dirección: Estela Lloves
Elenco: Estela Lloves / Xénero: Danza/Contemporánea

Como te atopas agora mesmo, máis animal ou máis humano? Como se comporta un corpo fóra das súas habituais condicións normais? *Knochenblume* é unha invitación para encarnar un tacto inadecuado na mirada. *Flor dehueso* é un enorme xabarín branco que corre e corre e corre e nunca se para... E agora poderías deixar que todo isto fose visto desde a comodidade?

+ info. en: <http://arraiana.wordpress.com>



OVAY

Quique Peón Cía.

Autor: Henrique Peón Mosteiro / Dirección: Henrique Peón Mosteiro / Elenco: Quique Peón e os músicos Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde / Xénero: Danza/Outras

Ovay son as catro estacións do camiño da vida, os catro puntos cardinais da nosa existencia e os catro elementos da nosa alma, conceptos universais e atemporais encrucillados, ante os que nos movemos a cegas sen comprender o sentido do noso ser. *Ovay* dinlle os canteiros ao ousado que encara o perigo sen vacilar, ao que reclama orgulloso o que é seu e dos seus. É a valentía de enfrontarse á propia evolución, de reivindicar a identidade cultural renovada, de procurar un equilibrio maduro entre o enxebre e o depurado, entre a forza e o sosego, entre o urbano e o tradicional, entre o masculino e o feminino. *Ovay* é Quique Peón.

+ info. en: www.quiquepeon.com



PEQUEÑOS PARAÍSOs

Aracaladanza

Autor: Aracaladanza / Dirección: Enrique Cabrera
Elenco: Carolina Arija Gallardo, Jimena Trueba, Noelia Pérez Gil, Raquel de la Plaza e Olga Lladó Valls
Xénero: Danza/Contemporánea

Inspirado libremente no *Xardín das Delicias* do Bosco, este espectáculo pretende devolver aos espectadores mínimos instantes de felicidade. *Os Pequenos paraísos* son fugaces pímulas de ledicia que, sen teren relación, contaxian alegría, prometen sorrisos, irradian paz... Traballo depurado, insiste no protagonismo dos obxectos e desenvolve a compañía das marionetas, convertidas aquí na sexta bailarina. Galardoada con diferentes premios FETEN e MAX, a montaxe diríxese a un público familiar, intentando ademais rescatar o/a neno/a que todos levamos dentro.



ROSAS NEGRAS

El Taller Compañía de Flamenco

Autoría: Beatriz Gamborino Caramés / Dirección: Beatriz Gamborino Caramés / Elenco: Alba Vázquez Gómez, Beatriz Gamborino Caramés, Ángel Contreras Pazos, Iván Villar Agulleiro/ Xénero: Danza/Contemporánea

Un drama de todos os tempos: a violencia de xénero. *Rosas negras* é unha reflexión sobre o maltrato que, mediante o baile flamenco e as imaxes proxectadas, conciencia deste problema. Os distintos paus do flamenco serán o fío condutor de como unha aparente vida cotiá se transforma nun vórtice de violencia machista.

+ info. en: www.gamborino.es



SÓLODOS

SólodosNeodans

Dirección: Maruxa Salas, Erick Jiménez / Elenco: Carmela García, Maruxa Salas, Manuel Garzón e Erick Jiménez Xénero: Danza/Contemporánea

Un espectáculo formado por diferentes pezas de danza independentes entre si, pequenos relatos bailados por só dúas persoas. *Caracola*, *Nozomi*, *Mareia* e *Vigilia en ausencia* son as pezas que compoñen o espectáculo. Unha destas pezas, *Caracola*, foi galardoada con diferentes premios.



...TABÚ RESORTE...

Javier Martín

Autor: Javier Martín / Dirección: Javier Martín Elenco: Javier Martín / Xénero: Danza/Contemporánea nOn, nOn, nOn... A dOr é miña e podO dispOñer dela. Cando a dOr ataca pode un curar mellOr unha serie de cOusas... querO pensar cOn claridade; querO velo tOdO sentilo tOdO e entÓn... entÓn non me impOrtaráirme... + info. en: www.javiermartín.com



TRES

Pisando Ovos

Dirección: Rut Balbís / Elenco: Janet Novás, Andrea Quintana e Rut Balbís / Xénero: Danza/Contemporánea

O tema de investigación, nós mesmas, a muller en si. Non existe a necesidade de reivindicar o noso sexo, nin de defender ou criticar ningún aspecto social ou histórico da muller, simplemente queremos xogar co encontro de tres persoas, de tres mulleres que son condicionadas pola súa sexualidade, á vez que polas súas experiencias persoais acerca dela. Provocar encontros e desencontros das tres coas súas individualidades e os seus puntos en común. Un mundo por descubrir que se irá abrindo a medida que o proceso avance, rescatando historias persoais e outras máis comúns.



TULIPANES

DLoira

Autoría: David Loira / Dirección: David Loira Elenco: David Loira / Xénero: Danza/Contemporánea

Sobre a multitude, o mimetismo, a imitación, a copia... Unha tulipa na multitude dun campo de tulipas. + info. en: www.davidloira.blogspot.com



ENCANTANDO CON EL LÍRICO

Encantados Cantantes de Música Lírica

Xénero: Música de cámara

Unha coloración da música lírica noso país, como homenaxe ao compositor de Ponteareas Reveriano Soutullo, a través da interpretación de varias das súas obras. O elenco para participar neste espectáculo cónfórmano novas promesas da lírica galega.



JULIA CEA E GRUPO

Julia Cea e Grupo

Xénero: Música de cámara

Un concerto que percorre desde a música galega máis vella, aquela que naceu xunto ao Camiño de Santiago, as cantigas medievas, ata os poetas do rexurdimento galego. Os instrumentos tradicionais como a zanfona e o pandeiro acompañan as voces cálidas de Julia Cea e Teresa Cabanelas. Como remate, o piano envolve os versos dos poetas galegos. + info. en: www.juliacea.com



LULAVAI – CORDASVERBAS

Lulavai

Xénero: Música de cámara

Unha das visións musicais máis elegantes e intimistas do panorama musical galego. A historia de Lulavai comeza na Escola de Artes e Oficios de Vigo, onde coinciden as catro compoñentes da banda (Paula Oanes, Josefa Fernández, Lorena Reinaldo e Elena Paz) como estudantes de arpa céltica. Forman parte da orquestra folk Sondeseu e, a finais do 2007, deciden crear Lulavai, un novo proxecto no que funden a sonoridade de catro arpas e catro voces para interpretar tanto temas tradicionais galegos como de autor. Acaban de sacar ao mercado o seu primeiro traballo discográfico: *CorDasVerbas*. + info. en: www.myspace.com/lulavai



MÚSICA DA VIDA

Cuarteto Vocal La Cama

Xénero: Música de cámara

Os autores do Rexurdimento francés, inglés e español transmiten a música dunha época, dun tempo pasado. A vida das persoas e os seus sentimentos a través da música. Os poetas galegos mostran coas súas letras e músicas as tradicións e os sentimentos da vida dos galegos. + info. en: www.cuartetolacama.blogspot.com



TAMARA LORENZO GABEIRAS PIANO

Tamara Lorenzo Gabeiras

Xénero: música de cámara

Tamara Lorenzo Gabeiras vén ofrecendo concertos en diferentes cidades de Europa desde os 15 anos: París, Cracovia, Varsovia, Katowice, Granada, Teruel, A Coruña, etc. É gañadora de premios en concursos nacionais e internacionais e tamén bolseira de organizacións privadas e organismos públicos. Recentemente gravou un CD promocional coa colaboración da Fundación Paideia e da Deputación Provincial da Coruña.

Etheria

Próximas funcións:

SOBER

18 de setembro ás 20.00 h
Auditorio do Centro Sociocultural

PONTEVEDRA

16 de outubro ás 21.00 h
Pazo da Cultura

TUI

23 de outubro ás 20.30 h
Teatro Municipal-Área Panorámica

A viaxe soñada

Mercedes Suárez

Coreografía e dirección



XACOBEO 2010
Galicia

PROGRAMACIÓN

setembro-decembro 2010

Teatro de actor
Teatro de monicreques
Danza
Música de cámara
Maxia



rede galega
de salas

26 formacións artísticas
30 espectáculos
85 funcións

ARTERIA NOROESTE. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA NASA. SANTIAGO DE COMPOSTELA
SALA SANTART. SANTIAGO DE COMPOSTELA
TEATRO ARTE LIVRE. VIGO
TEATRO DEL ANDAMIO. A CORUÑA
TEATRO ENSALLE. VIGO



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

68 formacións artísticas
83 espectáculos
345 funcións

A CORUÑA. IMCE
A CORUÑA. TEATRO COLÓN
CAIXA GALICIA
A ESTRADA
A RÚA
AMES
ARTEIXO
AS PONTES DE
GARCÍA RODRÍGUEZ
BETANZOS
BOIRO
BURELA
CAMBADOS
CARBALLO
CEDEIRA

CEE
CULLEREDO
FERROL
FOZ
GONDOMAR
LALÍN
LUGO
MONFORTE DE LEMOS
MUROS
NARÓN
NOIA
O BARCO DE VALDEORRAS
O CARBALLIÑO
OLEIROS

ORTIGUEIRA
OURENSE. AUDITORIO MUNICIPAL
OURENSE. TEATRO PRINCIPAL
PONTEVEDRA
REDONDELA
RIBADAVIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
SANXENXO
TUI
VIGO. CAIXANOVA
VIGO. AUDITORIO MUNICIPAL
VILAGARCÍA DE AROUSA
VIVEIRO

AGADIC



Agencia Galega das
Industrias Culturais



XUNTA
DE GALICIA